



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2013.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

#### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 9 de setembro de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

#### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D<sup>a</sup>. Eva Fernández García

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA:

#### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bos días a todos e a todas empezamos con este primeiro punto da orde do día deste Pleno ordinario, que é a aprobación da acta anterior, que iste é o momento si teñen algo que alegar, ten a palabra a voceira do PSOE.

**A sra. Morenza (PSdeG-PSOE) toma a palabra:** Moitas grazas, bos días. Pois nada, nós na acta gustaríanos que de agora en diante, se tiveran en conta correccións de erros lingüísticos, porque hai moitos, moitas incorreccións lingüísticas no idioma galego, utilízase a palabra “ruego”, utilízase o “y” que non existe en galego, utilízase o verbo dice, utilízase “pueblo” varias veces, entonces a persoa que corrixe, non sei como funciona o servizo de normalización lingüística, si existe ou non, que o teña en conta. Non existe, e na páxina, bueno pois a persoa que, rogamos que a persoa que transcribe que intente facer, sobre todo o Alcalde tamén non fala o galego moi correctamente, entonces tamén podía intentar, eses erros corríxense, porque eu son xornalista e tes a obriga a persoa que escribe, ten a obriga, cuando escribe cara a opinión pública de eso. E despois na páxina 66, eu digo a palabra na liña donde tomo a palabra digo a palabra “rogo”, non digo “novo”. Bueno é unha corrección.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben ¿algo máis?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nada máis

**O sr. Fírvida (BNG) toma a palabra:** Nós vamos a aprobar a acta, pero en todo caso queríamos facer constar en acta unha cuestión de orden antes de comezar o Pleno y é referido ao horario do inicio do mesmo. Eu creo que hai unha clara intención por parte da Alcaldía de este Concello de agochar o debate político a todos os cidadáns, intentando, intentando pór os maiores obstáculos posibles para que a cidadanía poida participar en estos Plenos. Aquí cambiouse de horarios de Plenos varias veces neste último ano, de dez da mañá, da once, de once a doce, agora pola tarde, e sempre buscando a mellor hora para que o sr. Alcalde se sinta cómodo nos Plenos, que non haxa participación cidadán, que a xente non teña coñecemento do que falamos do que debatimos e como se debate en este Pleno; tamén furtando o debate político ós medios de comunicación que teñen que traballar y teñen que comer y polo tanto non poden estar aquí á unha do mediodía, hasta as catro da tarde, que seguramente será a hora a que nos levantemos; nós creemos que isto é un despropósito, só lle falta a vostede por os Plenos ás doce da noite.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, tomamos nota; trataremos de que sexa o máis axeitado posible, o motivo de poñelo agora é que simple e llanamente que parte do personal que podía vir á tarde, tiña dificultades para poder vir hoxe, ise é o motivo ¿vale?.

**O sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) toma a palabra:** Decía que desde o Grupo Socialista consideramos que a Corporación Municipal, é a expresión da vontade política da cidadanía, expresión democrática das súas decisións en urna, e vostede con esta decisión de poñer os horarios dos Plenos a unha do mediodía, previamente ás seis da tarde, que era un horario que considerábamos axeitado para todo o mundo, vostede precisamente o que está intentando é frenar, frear a participación da veciñanza no debate político, porque nos Plenos nos que houbo, que tivemos ás seis da tarde, había público e en algún momento plantexáronlle preguntas; entón eso é furtar a vontade democrática e a participación cidadá na vida política deste Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, tomamos nota y entonces, a acta. ¿Votos a favor da acta?, ¿PSOE?, vale.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

**“Aprobación da ata anterior do 01/07/2013”**

### **2 – APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O 2014**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos entonces ao segundo punto que é a Aprobación dos Festivos Locais para o 2014, que a proposta do Grupo de Goberno é como habitual ven sendo é o Martes de carnaval e o día de San Martiño, os outros xa os teñen aí todos, como teñen normalmente en Ourense. Debido ó problema que a maioría da xente traballa na cidade, pois sempre se planteou estes días en combinación con Ourense ¿non?

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Quería sinalar que na documentación que se nos achegou non figuran eses dous festivos locais

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Se dijo en Comisión Informativa

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Si, pero non se nos achegou aos que non, na acta, na documentación; entón considero que na próxima, o próximo ano que se faga esa..., esa documentación que se achegue

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Se hace una propuesta verbal porque vienen siendo siempre los mismos, salvo cuando hai algún un cambio

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En todo caso, cóstanos que é así, que antes precisamente falamos de



ese tema, que debería ir por escrito.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación como festivos locais para o ano 2014, Martes de entroido e 11 de novembro San Martiño**”

### **3- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien entonces pasamos ó punto tres, que é a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar, que bueno teñen todos copia, e de algún xeito é por imperativo legal a proposta que fai a Xunta de Galicia, para adaptala pois ó Decreto, y é un tema puramente técnico, como ustedes ben saben, e lógicamente o que se pretende é dar obrigado cumprimento a un Decreto da Xunta de Galicia.

¿Teñen algo que alegar ó respecto?

**A sra. González (BNG) toma a palabra:** Como xa temos manifestado noutras ocasións, desde o BNG consideramos que os Servizos Sociais neste Concello, cúmprense en mínimos. Non fai falta facer un relatorio pero non hai máis que ver o que pasa, pois por exemplo ca Gardería Municipal, o que pasaba no último Pleno, o que pasa co Centro de día, que non existe, a pesar das contínuas promesas do Alcalde en cada momento electoral correspondiente. Con respecto, por exemplo, a permitir que as beirarrúas estén cheas de terrazas, de feito que as persoas pois que andan en cadeira de rodas por exemplo, non poidan pasar, non podan transitar pola zona da Valenzá, eso é evidente y é unha falla de respecto total á cidadanía do Concello de Barbadás, y está denunciado de xeito continuado por parte do Bloque Nacionalista Galego neste Concello, pero as cousas seguen igual despois de vinte e catro anos; e os pasos que van dando relacionado con isto, como pode ser por exemplo o ascensor, me refiero á eliminación de barreiras arquitectónicas, pois dánse, o ascensor na Casa da Cultura, dánse pois por unha presión veciñal importante, por unha presión da oposición, ou ben, porque como hai momentos de poder de réditos electorais, pois cámbiase algo ó principio, pero despois segue todo igual, eiquí non cambia nada. Esta nova entrega da ordenanza, non mellora absolutamente nada, con respecto á anterior entrega, non fala da cantidade de personal en función do número de dependentes ou de persoas maiores que haxa no Concello, ou que teñan que ser atendidas, non falan dun estudo das necesidades do Concello, en función das parroquias, con respecto ó núcleo urbano que é A Valenzá; non fala de mellorar prestacións, non fala dun apoio para facer respiro



familiar; en todo caso o que si me pregunto eu, como Concelleira despois de ler a Ordenanza é si está funcionando por exemplo o Banco do Tempo, porque anunciado está, e non está funcionando, entón leva gastado non sei canto diñeiro en poñer en marcha un Banco de Tempo despois de aprobalo por unanimidade, eiquí nun Pleno, publicítano na páxina web e despois non funciona, y despois atrévase a poñer na ordenanza por exemplo, reforzar a solidariedade, potenciar o voluntariado social; ¿teñen pensado como van potenciar o voluntariado social?, sin nin siquera foron quen de poñer en marcha o Banco de Tempo. E quero saber tamén si teñen servizo de lavandería e alimentación a domicilio

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Temos o catering

**A sra. González toma a palabra:** ¿Servizo de lavandería?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Lavandería non hai.

**A sra. González toma a palabra:** A domicilio, non hai

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non houbo demanda deso.

**A sra. González toma a palabra:** ¡Ah!, non hai demanda, claro, non hai oferta non hai demanda. Vamos a ver, sin embargo aquí poñen que vai haber servizo de lavandería a domicilio; ¿Teñen podoloxía e fisioterapia?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver a Ordenanza é si o servizo se pon en marcha, temos

**A sra. González toma a palabra:** Si claro, usted póñano en funcionamento xa verán como hai demanda

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Temos a Ordenanza feita lógicamente

**A sra. González toma a palabra:** Xa, si ¿e servizo de podoloxía e fisioterapia?

**A sr. Alcalde toma a palabra:** Pois é a mesma cuestión

**A sra. González toma a palabra:** É a mesma cuestión. Estes servizos, xa aparecían reflexados na anterior ordenanza e non se puxeron en marcha. ¿Hai algún convenio en Barbadás con algún fisioterapeuta, con algunha clínica de podoloxía, con algunha lavandería?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver, voulle contestar si quere así sobre a marcha.

**A sra. González toma a palabra:** Si, por favor.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver, esta é unha Ordenanza tipo, lógicamente como dixemos, basicamente proposta dende a Xunta. Está feita pois para toda Galicia, hai concellos, lógicamente grandes que teñen todos eses servizos, hai outros pequenos como é o noso caso que non a ten; entonces o que vaia na Ordenanza non implica nada, porque si en algún momento se pode poñer, e se quere poñer, queda regulado na Ordenanza y si non estivera regulado na Ordenanza, habería que



modificar esa ordenanza ¿vale?, y lógicamente non é igual un concello coma o noso que un concello de unha cidade grande, y eso é o que hai.

**A sra. González toma a palabra:** ¿Parécelle pouco dez mil habitantes?. Usted minusvalora o Concello

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non minusvaloro o Concello, perdone.

**A sra. González toma a palabra:** Perdón, agora estou falando eu. Minusvalora o Concello, minusvalora á cidadanía deste Concello y engánaos, ano tras ano; porque o sea, eu si levo esta Ordenanza onde unha persoa dependente, dígolle, pódolle decir, mire usted, eiquí está a Ordenanza do Concello de Barbadás, se supón que esto é o que hai, y despois desti non hai nada.

Por outra banda deixa unha vez máis aberto a porta á privatización, no artigo décimo, bueno, fala da intención de privatizar, claramente ¿vostedes teñen pensado privatizar o servizo?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa o dixen na Comisión Informativa, non temos pensado para nada privatizar, remítome o mesmo, é dicir, esta é unha Ordenanza genérica en primeiro lugar, y en segundo lugar, como supoño que todos ben saben na nova Lei de Facendas Locales, probablemente esta competencia pase á Xunta de Galicia, co cual xa non estaría dentro das nosas posibilidades privatizar, ou non, pero como é unha ordenanza genérica, inclúen eso como inclúen o da podología o da fisioterapia, como o da lavandería y outras cousas máis.

**A sra. González toma a palabra:** Vamos a intentar evitar o diálogo, porque senón eu respóndolle a usted, usted respóndeme a min e non facemos nada.

Vamos a ver, a orientación política, aquí está claro que si non quere privatizar, este artigo sobra, hai que eliminalo, ¿eh?, hai que eliminalo. Como xa hai un ano, veu esta Ordenanza eiquí a este Pleno e xa dixo que o artigo non o eliminaba, eu vou a presupoñer que non o vai a eliminar, si o final dice que o elimina retiro o dito. Ben en principio deixa unha vez máis unha porta aberta á privatización no artigo décimo, porque a intención e a orientación do Partido Popular é privatizalo todo, e ir desmantelando ós poucos o servizo para despois darllo a empresas amigas que se enriquecen con todo isto. Vostede como bo militante do Partido Popular segue a liña marcada polo seu partido, tanto no Estado como na Xunta de Galiza, que non é outra que expoliar e roubar ó pobo, para favorecer o enriquecemento duns poucos; e á vista está, xa o negou o ano pasado, que o ía retirar y este ano vaino volver negar que o retira, non o vai volver querer retirar. Digo esto porque eu sei que a Xunta de Galiza non ten pensado quedarse con este servizo, porque a intención da Xunta de Galiza a día de hoxe, é desfacerse de todo tipo destes servizos e privatizalos, posiblemente a quen lle dean este



servizo vostedes sexa a Diputación, y a Diputación vaino privatizar, por eso deixan a porta aberta á privatización, y por eso estano desmantelando ós poucos, porque as traballadoras que traballaban no servizo de axuda no fogar, hai dous anos eran quince ou dezaseis, ou hai tres anos, y agora son menos de dez.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nunca foron quince ou dezaseis

**A sra. González toma a palabra:** Bueno, ou doce, dáme igual, o caso é que agora son menos; e ano tras ano en vez de aumentar e en vez de favorecer o benestar da cidadanía deste Concello, máxime en tempos de crise e cando a Lei de dependencia xa non existe, en vez de favorecer o que están facendo é desmantelalo ós poucos y o final darllo a unha empresa amiga que é o que fan, ¿de acordo?. Estou cada vez máis convencida de que a única solución deste País é a soberanía, dígollo en serio cada vez máis convencida.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois ben, os cambios na ordenanza non nos acaban de convencer, porque implican unha perda na definición de algúns aspectos. Na antigüa ordenanza recoñecía-se que os usuarios tiñan recoñecido o grao de dependencia do servizo con carácter definitivo, agora non, agora pónense unha serie de condicionantes que fan máis difícil o mantemento con carácter definitivo do grao de dependencia. Os obxectivos antes eran moitos máis pormenorizados na anterior normativa, pois falábase de implicar ós destinatarios na resolución da súa problemática ou de axudar ás familias a asumir ás súas responsabilidades en atención aos seus membros, agora non. No contido do servizo atopámonos un abismo entre a antiga ordenanza que tiña máis de cincuenta, ¡cincuenta, sr. Alcalde!, actividades enumeradas na prestación do servizo de usuarios, mentras que a modificación que trae hoxe o PP ó Pleno, reduce estas tarefas a un número de trece, trece tarefas fronte a cincuenta que había antes, quedando así indefinidas as funcións das auxiliares de axuda no fogar. No que se refire ás persoas destinatarias a redacción da normativa que se propón é tamén moito máis imprecisa ca anterior, antes indicábase que podían beneficiarse do servizo, persoas con discapacidade, incapacitadas, afectadas por unha lesión, por unha enfermidade física ou mental, ou por motivos que precisasen axuda, e que con este servizo se puidese favorecer á súa autonomía, ou mellorar a súa calidade de vida, agora non, agora o asunto despáchase dicindo que son destinatarios as persoas con discapacidades, especialmente cando carezan de apoio personal no seu contorno inmediato, unha merma moi evidente. O Alcalde volveu a insistir, como xa ben dixo na Comisión Informativa ante preguntas do PSdeG, de que non se ía externalizar o servizo, pero na ordenanza como decía a



compañeira, segue a recollese que o servizo será prestado polo Concello ou ben por empresas externas, nós dubidamos moito de que isto se vaia a manter, de que se vaia a manter o servizo público por parte do Concello. No apartado de persoal tamén se recorre a unha numeración somera das funcións dos traballadores, así como das súas funcións, é dicir, resúmese á mínima expresión a enumeración de funcións e a explicación das actividades, que é o que máis votamos de menos das actividades destinadas ás persoas que conforman o equipo de prestación do SAF; pero o que máis lle preocupa ó Grupo Socialista, aínda que parezca enumerado e que neste apartado de persoal desaparece respecto á antigüa ordenanza, o apartado dedicado ós voluntarios, na antigüa ordenanza incluíase a posibilidade de que as persoas dun xeito solidario, podían complementar ás funcións e tarefas do persoal profesional, recollíase que se podía aportar compañía, mellora no fomento das relacións e das comunicacións ou na ocupación do tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, pero agora todo eso desaparece, non entendemos por que, vostede mesmo acaba de recoñecer que si que fracasou o Banco de tempo que se puxo en marcha, entón damos por feito que non se cumpriron os obxectivos marcados desde a Concellería de Servizos Sociais, na que está unha persona con dedicación para este tipo de programas, fracasou, pero nós podemoslle dicir, sr. Alcalde, dende o Partido Socialista, que o Banco de tempo a nivel individual está funcionando neste Concello, a nivel corporativo está claro que de vostedes non chegan a esas persoas que están dispostas a dar o seu tempo, para axudar a outras persoas maiores, que si que os están facendo; en suma non consideramos que esta modificación supoña ningún avance substancial, máis ben en moitos casos, un retroceso polo motivo que anunciamos a nosa abstención.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben. Bueno como se dixo é unha ordenanza tipo en primeiro lugar, en segundo lugar o que pretende é clarificar unha serie de circunstancias que non estaban claras na anterior ordenanza, xa se comentou tamén na Comisión Informativa que incluso moitos usuarios, houbo casos puntuales, moi concretos, pero puntuales, que pretendían, que a axuda, a asistencia á axuda a domicilio incluso que lle fora a facer labores á huerta á persona indicada, é dicir, isto era lógicamente necesario, matizar e puntualizar unha serie de circunstancias, as cuales entendemos que con esta ordenanza quedan puntualizadas y todo é mellorable y todo é discutible e as ordenanzas pois como todo é unha cousa dinámica que si hai algo que alegar se pode modificar nun momento dado y cuando se estime oportuno, o sea, y por suposto o de privatizar, dixémolo na Comisión Informativa, reiterámolo agora y dáme a sensación de que vostedes teñen mala conciencia do que é privatizar a axuda a domicilio porque teñen un problema gordo en Ourense, donde gobernaron, ahora neste





momento non gobernan o Bloque e o PSOE, pero cuando se propuxo a privatización do servizo na axuda no fogar, si estaban ambos partido gobernando y o fixeron y claro como vostedes o fixeron y está creando problemas gordos a unhos e outros, pois deben pensar que nós vamos facer aquí esto, nós non o vamos a privatizar así de sencillo, entonces nada máis esto é o que hai para o Pleno y entendemos que está debatido y sometémolo a votación.

**A sra. González toma a palabra:** En primeiro lugar o engaño á cidadanía é intolerable, é decir, o feito que aparezan aí esa serie servizos que non existen, a min dáme igual que sexa unha ordenanza típica, tipo, aquí hai unha Concelleira de Servizos Sociais que está cobrando mil douscentos euros ó mes, por cuatro horas de traballo, ¿si ou non?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non

**A sra. González toma a palabra:** Si

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non cobra mil douscentos euros nadie

**A sra. González toma a palabra:** Brutos, ¡home!, ¡home!, espere, espere

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estamos falando netos

**A sra. González toma a palabra:** Espere, espere, espere, que lle saco o papel donde pon

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eso non é o que cobran

**A sra. González toma a palabra:** Si, si, mire, espere

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, en todo caso.

**A sra. González toma a palabra:** Espere, espere un segundo que o teño eiquí. Mire Concelleira de Educación...., M<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara, segundo Tenente de Alcalde Concelleira de Muller, Familia, entraría aquí, Xuventude, Deporte e Participación Cidadá

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non, eso sería Julio

**A sra. González toma a palabra:** No, perdón, D. Julio Domínguez Pato, perdón, D. Julio Domínguez Pato, responsable da Concellería de Asuntos Sociais e Terceira Idade, importe mil doucentos tres coma cincuenta euros

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Brutos

**A sra. González toma a palabra:** Mes ¿vale?, por cuatro horas de traballo ¿si ou non?, por cuatro horas de traballo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero cuanto cobra líquido

**A sra. González toma a palabra:** Entonces usted, usted atrévese a decir neste Pleno, neste Pleno, atrévese a decir, que tendo unha persoa dedicada exclusivamente a esto, durante cuatro horas ó día,



non son capaces de un, de algo tipo que lle mandan da Xunta, de algo tipo, facelo aterrizar no Concello de Barbadás, na situación do Concello de Barbadás, non son capaces de facer iso ¡Dios mío, pero en que País estamos!

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver, nós facémolo aterrizar na aplicación que é do que se trata

**A sra. González toma a palabra:** Que aplicación, si me está dicindo, aquí aparece, servizo de podoloxía

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si

**A sra. González toma a palabra:** Servizo de lavandería

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si

**A sra. González toma a palabra:** Servizo de

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Fisioterapia, si

**A sra. González toma a palabra:** Fisioterapia, e dice que non existe, nin saben como van facer y que non hai demanda, ¡home!, non hai demanda porque non hai servizo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non lle dixen que non había demanda, díxenlle que non está posto en marcha

**A sra. González toma a palabra:** Tampouco hai demanda para ir o instituto eiquí, porque como non hai instituto, xa non hai demanda, cuando se fan a solicitudes eiquí, non van a ningún sitio a demandalo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Díxenlle que non é que non haxa demanda, díxenlle que non hai o servizo posto en marcha

**A sra. González toma a palabra:** Non, non, dixo, bueno ...

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Queda na ordenanza y si algún día se pon en marcha, lógicamente queda a ordenanza feita

**A sra. González toma a palabra:** Pero si están cada ano traendo a ordenanza eiquí, como se algún día se pon en marcha

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben.

**A sra. González toma a palabra:** Usted, é que é tremendo, bueno eso en primeiro lugar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vólvolle decir que é un tema puramente técnico

**A sra. González toma a palabra:** Si, en primeiro lugar, por favor o Concelleiro de Servizos Sociais, que se aplique un pouquiño, que se lea a ordenanza y que a faga aterrizar no Concello de Barbadás,



nas nosas necesidades, na nosa situación, é decir, o Concello de Barbadás. Segundo, usted dice que hai Concellos maiores, hai Concellos maiores, pois nós estamos niste, nun Concello de dez mil habitantes, con poboación nova no núcleo urbano, pero con poboación avellentada na zona rural, y esta poboación nova no núcleo urbano, trae necesidades, porque trae personas dependentes tamén, a parte dos maiores, están os nenos con dependencias tamén, os mozos con dependencias, hai algún mozo que eu non coñezo personalmente, pero algún mozo que teño visto pola Valenzá, cunha cadeira de rodas que solo pode estar nunha zona da Valenzá, porque a outra zona está ocupada totalmente polos bares, totalmente, porque vostedes lle dan a licencia sendo ilegal, porque tamén hai unha ordenanza para terrazas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E xa lla aplicamos

**A sra. González toma a palabra:** Si, xa se lle ve, como a aplican. Bueno, e terceiro, home, non nós tome o pelo co da privatización, si a intención non é privatizar, retire o artigo, retire o artigo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero o artigo é genérico, xa lle explico por enésima vez, nós non o vamos a aplicar, eso é unha

**A sra. González toma a palabra:** Pero eu porque me teño que fiar de usted, si me mentiu miles de veces

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, pois é problema seu, que se fie ou non.

**A sra. González toma a palabra:** Non, non me podó fiar, para min vostede non ten palabra, xa llo teño dito moitas veces

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, pois eu respecto que se fie ou non, eso é cousa súa.

**A sra. González toma a palabra:** Entón, vamos a ver, o artigo está aí escrito, si está aí escrito a intención clarisimamente en canto poidan privatizalo, ¿como?, dándollo á Diputación, e a Diputación xa o privatiza ¿vale?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é o caso

**A sra. González toma a palabra:** Si señor, é así

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é o caso.

**A sra. González toma a palabra:** E si non dentro dun tempo xa nos veremos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, pois cando sea usted mo prodrá botar en cara, non hai ningún problema, dígolle que de momento nós non vamos

**A sra. González toma a palabra:** Si, botarillo en cara non vale de nada, o importante e que vostede se preocupe polos veciños deste Concello, eso é o importante.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois para eso estou, y para eso estamos todos

**A sra. González toma a palabra:** Que non o fai nin usted nin o seu equipo de goberno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, eso é o seu criterio que non coincide coa maioría, evidentemente

**A sra. González toma a palabra:** Non é o meu criterio, é o criterio da maioría, evidentemente, que o sufren

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do PSOE

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós queríamos que nos aclarara si a Concellería de Asuntos Sociais vai seguir existindo sobre os temas que dice a compañeira do BNG, e si vai a retomar o tema do Banco do tempo, tendo en conta de que hai personas voluntarias, maiores tamén, que van a, tendo en conta tamén que temos un Concelleiro específico desta área. E despois tamén lle quería preguntar aproveitando que estamos do Concelleiro de Servizos Sociais, si vai a facer unha planificación como se lle pediu en reiteradas ocasións, dirixida ás personas maiores e centrada nos Servizos Sociais, para converter Barbadás nun Concello moderno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por supuesto

**A sra. Morenza toma a palabra:** A todas esas preguntas. E despois tamén lle quería preguntar si o respiro familiar do que tamén fala a compañeira Ánxela, se vai levar a cabo, si vai facer, se vai artellar algo, tendo en conta que non hai Centro de Día, porque preguntolle ¿vai a haber Centro de Día nos vindeiros meses, nos vindeiros anos?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nos anos si, meses seguramente non

**A sra. Morenza toma a palabra:** Anos ¿de que anos falamos?, ¿dunha década?, porque o respiro familiar precisamente é para persoas, é para, para, para..., é unha actividade a incluír nun Centro de Día; si non pode ofrecer un Centro de Día, ofrezca unha actividade de respiro familiar, ofrezca algo, señor Alcalde, solucione os problemas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por suposto, nós vamos a facer un planning de traballo y eso correspóndelle como é lóxico ó equipo de goberno, por suposto ó Concelleiro tamén, fundamentalmente, pero eso é un criterio que temos que elaborar o equipo que estamos gobernando, y o vamos a facer, y a ustedes lle gustará ou non, y cuando se traiga aquí, votarán a favor ou en contra, pero é a obrigación nosa, que non cabe duda que é eso, que é o equipo de goberno quen o ten que facer ¿vale?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Cuando, cuando



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cuando se faga xa se lle traerá.

Votos a favor do punto, votos en contra, abstencións, tres en contra, tres abstencións

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, os votos en contra do BNG e a abstención do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar.** “

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto cuatro, bueno a ordenanza, non o incluimos.

**A sra. Interventora toma a palabra:** Pero eso es en la siguiente, es en la Ordenanza fiscal reguladora, vamos a la cuenta general ahora.

**A sra. González toma a palabra:** Polo tema da privatización basicamente

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Si, pero es aprobación inicial, hay una exposición al público durante treinta días, para presentar alegaciones, partir de la publicación en el Boletín y luego se volverá a traer la aprobación definitiva, salvo que non existiesen alegaciones

**A sra. González toma a palabra:** E despois debaterase, porque non vai pasar como nos orzamentos, que metemos alegaciós e en este Pleno non pasou nada porque non se quixo debatir, porque a ver vamos facer alegaciós desde o BNG, pero nos orzamentos fixemos alegaciós e despois non se debateron.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Las alegaciones a los presupuestos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Aprobaranse ou recházanse, se se rechazan non hai nada que votar

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No, y hay algunas; no y hasta ahora creo que se han incluido todas pero las que tienen carácter político no se informan, no se informan y ya está, o sea, no es un tema

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Todo ten un momento, cuando se expón ó público e cuando se debate, despois son as alegaciós, acéptanse ou recházanse

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Vamos a ver, las alegaciones se pasan a Intervención Municipal, Intervención Municipal dice si tiene algo que informar o no, es un criterio técnico, nada más en caso de presupuestos, me refiero, y estas alegaciones se pasarán a Servicios Sociales evidentemente

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Absténdonos podemos presentar igual alegaciós, evidentemente

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Por supuesto

#### 4.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2012

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, pasamos entonces ó punto cuatro, que é a aprobación da Conta Xeral 2012, que esto xa foi informada e foi debatida (debatida non, non requiere debate), no seu



momento e simplemente pois sometelo, sometelo a aprobación, si queren algunha aclaración, que lle aclara a Interventora, pois si non, é simplemente someter a votación.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** No, como noutros anos xa temos manifestado o Bloque Nacionalista Galego abstense sempre en este punto, porque entendemos que é unha dación de contas de unha conta xeral, que é un reflexo contable da realidade do Concello, y que reflicte as contas que aproba o Partido Popular unilateralmente coa oposición dos dous grupos da oposición deste Pleno y polo tanto son as contas do Partido Popular, sete é o motivo polo o que o Bloque Nacionalista Galego se abstén.

**O sr. Valcácel toma a palabra:** Os orzamentos do dous mil doce, foron aprobados en solitario polo Goberno Municipal do PP, dado que o grupo socialista non os consideraba axeitados para resolver as graves carencias en dotacións e servizos que ten toda a veciñanza. Era un orzamento que consideramos que prexudicaba e lastraba o desenvolvemento de Barbadás e non melloraba a calidade de vida dos nosos conveciños. A conta xeral non é máis que un documento burocrático e administrativo que recolle cifras de gastos e ingresos derivados de unha determinada política económica, social e dotacional que non é compartida polo grupo socialista, por esta razón o Grupo Socialista de Barbadás vaise abster, e queremos incidir novamente, isto é unha reiteración de tódolos anos, nos seis anos que levamos este equipo aquí no Concello, e que volvemos a reiterar novamente, que se faga un estudo detallado, riguroso, coherente en relación á xestión do servizo de recadación da Deputación, dado que as deficiencias que se presentan, que si que é certo que se melloraron, pero que sigue presentando unhas deficiencias moi importantes que repercuten directamente no peto dos veciños de Barbadás. A veciñanza ten que sufrir a desidia na xestión das taxas e impostos que pagan ano tras ano que son incrementados polo goberno do señor Freire; si a xestión da recadazón da Deputación fora millor, probablemente en algún momento ao millor non houbera que levar certas taxas, que vostede incrementa ano tras ano, precisamente porque o servizo de recadación da Deputación é malo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, eso é os seu criterio. Vale pois tomamos nota e sometemos a votación entón o punto, entendo que é a abstención dos dous grupos da oposición y co voto favorable do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: **“Aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2012”**.



### 5- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, vamos a ver, agora pasamos o punto das mocións, a si perdón, Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo no fogar, eso é simplemente, como se comentou o outro día, incrementar o IPC y había unha serie de erros onde poñía taxas, onde poñía prezo público, son todos

**A sra. Interventora toma a palabra:** Decirles que en el caso de prosperar la aprobación inicial de esta ordenanza fiscal, en el artículo 10, “nacemento da obriga de pago”, se aprecia un error de redacción y entonces se va a cambiar “os prezos públicos” por “as taxas”, que es lo que procede porque en todo momento se habla de la tasa reguladora del servicio de ayuda en el hogar. Bueno en virtud del artículo 105 que, dice que se prodrá rectificar en cualquier momento de oficio los errores materiales, aritméticos o de hecho existentes en los actos, era simplemente aclararles eso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, bueno pois aclarado eso, do que se dice efectivamente e simplemente actualizar o IPC, que é o habitual y nada máis; si están de acordo ou non, en todo caso pois ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

**A sra. Morenza toma a palabra:** Bueno, a nós o que máis nos preocupa desta..., da modificación da ordenanza fiscal, e que antes se tiña en conta non só a renda do perceptor do servizo do cónxuge, cónxuxe, dos ascendentes e dos fillos menores de vinte e cinco anos, e maiores desta idade en situación de incapacidade. Agora sen embargo, e esto preocúpanos moito, téñense en conta a renda e o patrimonio das persoas residentes na unidade de convivencia, residentes, resulta inxusto, porque a crise, tódolos sabemos, ao mellor algúns de vostedes non o padecen, outros si o padecemos, é que a crise produciu un cambio sustancial na situación de moitas familias, vostedes saben que poden darse casos tan diversos como a de matrimonios con fillos que teñen que voltar á unidade familiar coas súas familias porque non poden sosterse, ou pódese dar o caso de persoas que con fillos maiores de vinte e cinco anos que estén en situación de desemprego e vivan cos pais e ao mellor non estén cobrando prestación ou tamén se pode dar o caso de persoas que se separaron, que teñen que voltar á unidade familiar de orixe e pagar custos como o da hipoteca ou de pensión alimenticia; entón xa anunciamos que o Partido Socialista vai a presentar unha alegación neste sentido para que se teñan en conta todas estas peculiaridades e non se produza exclusión social. Despois tamén temos dúbidas de si se lle vai seguir cobrando, porque non, non, vamos eu penso que lín pormenorizadamente non



atopamos, si se lle vai a seguir cobrando o un por cento da cuota do servizo ás persoas que están exentas do seu pago, e se un por cento anual que se lle cobraba anteriormente, nós na ordenanza, na ordenanza fiscal non o vimos, entonces non sabemos si o vai a, si se vai a incluír

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entendemos que o único que se modifica é o IPC, nada máis, a ordenanza sigue igual

**A sra. Morenza toma a palabra:** No, pero é que a ordenanza, mirei nas dúas ordenanzas, na ordenanza xeral e na fiscal e non aparece o do un por cento, nós preferimos que non apareza, pero bueno en principio non aparece, en todo caso imos a abstermos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, BNG

**A sra. González toma a palabra:** Nós con respecto ó da renda e o patrimonio parécenos, o de ter en conta o patrimonio, realmente é moi enganoso, porque patrimonio unha familia pode ter moito patrimonio e non valer nada, e non está recibindo, bens, ingresos con respecto a ese patrimonio ¿non?, entón realmente é unha situación enganosa y o que fai é de novo unha vez máis, fai agravar a situación das familias, e das persoas dependentes e non dependentes que vaian, que sexan usuarias deste servizo, nese sentido seguimos seguimos sin estar de acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, pois esto é en principio, basicamente é técnico é a proposta dos Servizos Sociais o que é a ordenanza co cual nós entendemos que é axeitada, y bueno nós vamos a votar a favor evidentemente.

Votos a favor, Partido Popular, votos en contra, tres, abstención tres, vale.

Sen máis sométese o asunto votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular, os votos en contra do PSdeG-PSOE e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar”**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entonces agora empezamos co turno de mocións, eu propoñoille ó Pleno, en deferencia á xente que está aquí representando a T-SOLAR, pois dada a hora que é, que en vez de ser o punto 9 a moción de T-SOLAR, pois que sea a primeira si lles parece ben, porque é unha maneira de, si eles queren seguir no Pleno que sigan lógicamente, si se queren marchar, pois teñen a opción de facelo. ¿Están de acordo?

## 6.- MOCIÓN DO BNG POLO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABAJO DE T-SOLAR

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Coa chegada do PP ao Goberno de Madrid, sen previo aviso e ningunha negociación coas comunidades autónomas, aprobouse o Real decreto-lei 1/2012 que suprimía os incentivos económicos ás novas instalacións de enerxía renovábel. O BNG defendeu a súa derogación porque xeraba inseguridade xurídica no sector das renovábeis e supuña un claro freo ao seu desenvolvemento.

A primeira reacción da Xunta ante esta norma foi de comprensión e só meses despois presentou un recurso de inconstitucionalidade. O seguinte paso dado polo PP na eliminación das enerxías renovábeis e polo tanto de todos os postos de traballo que xeran, tanto na fotovoltaica como na eólica, é publicar o Real decreto-lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro, no que recortan aínda máis as primas á enerxía eléctrica, polo que reincide na vía de facer recaer toda a responsabilidade do déficit tarifario nas primas ás renovábeis, nunha clara aposta polas fontes de enerxía tradicionais, incluída a nuclear, fronte ás renovábeis.

As medidas do Goberno de Rajoy supoñen un pau a territorios como Galiza, con potenciais de desenvolvemento do sector das enerxías renovábeis, que ademais poden ser o motor industrial e arrastrar investimentos asociados. A estratexia enerxética que está a levar a cabo o goberno impide que Galiza poida desenvolver a súa economía e o seu sector enerxético a partir do aproveitamento de recursos renovábeis propios e, en especial, fréase o desenvolvemento fotovoltaico e eólico, de vital importancia nun momento de recesión económica como a que atravesamos, pois a supresión das primas fan inviábel o investimento.

En Galiza podemos exemplificar esta perda de postos de traballo coa empresa T-Solar que representa a segunda maior fábrica de paneis solares do Estado. Esta empresa inaugurada no Parque Tecnolóxico de Ourense en 2008 bota o peche definitivo, presentando un ERE de extinción que afectará aos 170 traballadores/as, despois de ter sido depositaria de axudas públicas do goberno galego e a Deputación de Ourense.

O tecido industrial galego estase desmantelando por completo. Na provincia de Ourense os datos son aterradores e este ERE de extinción supón o desamparo de 170 familias. A decisión do goberno do PP de eliminar as primas as renovábeis ten consecuencias claras e inmediatas na vida das persoas e o desenvolvemento do país.

É urxente unha implicación e actuación pública que, de existiren ofertas de proxectos empresariais, estas sexan analizadas e, no caso de seren viábeis, se garanta o emprego e teñan o acompañamento dos instrumentos políticos e financeiros da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto, o **BNG de Barbadás** solicita ao Pleno do Concello de Barbadás a adopción dos



seguintes

### ACORDOS

**1.- Instar á Xunta de Galiza a garantir o mantemento da actividade na fábrica de T-Solar e a totalidade dos postos de traballo, establecendo os avais precisos, a través do IGAPE ou do instrumento que considere oportuno, para apoiar calquera proxecto empresarial solvente que garanta a viabilidade futura da planta e da súa actividade. Con esta finalidade, a Xunta de Galiza liderará todas as negociacións e xestións que se realicen para a concreción dun proxecto empresarial solvente e dun plan de futuro para a planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense.**

**2.- Instar ao Goberno do Estado a modificar a súa política en relación coa eliminación das primas ás enerxías renovábeis, para o cal é preciso modificar as disposicións que no sentido da súa supresión se establecen nos RD-L 1/2012, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeneración, fontes de enerxía renovábeis e residuos, e RD-L 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, pois entón pasamos á moción do BNG polo mantemento dos postos de traballo de T-SOLAR, que ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

**A sra. González toma a palabra:** Ben, T-SOLAR representa o que se vive neste País todos os días, tamén representa a resistencia ante a inxusticia e a sen razón, a vontade de seguir traballando no noso País. Estamos a falar nesta moción do desmantelamento industrial de Ourense, dunha empresa punteira que pecha na nosa provincia a pesar de que todos os días estamos vendo nas noticias como o seu grupo matriz que é Isolux e a propia T-SOLAR, están recibindo adxudicacións de centos de megapattios polo mundo adiante. Inexplicablemente pecha, maila ter recibido máis de cuarenta e cinco millóns de euros de subvencións públicas nos últimos anos. Falamos tamén do futuro industrial de Ourense, pero tamén do futuro de cento setenta familias, moitas delas veciñas nosas que por decisións empresariais e políticas escuras, ven truncado o seu futuro; estamos falando do desleixo do Goberno Galego ante o que significa a incapacidade para decidir sobre a política enerxética de Galiza: un Goberno que debería de estar na primeira liña na defensa deses postos de traballo, na defensa do mantemento da produción, aínda que só sexa polo diñeiro invertido dado que é despois de Isolux a



principal acreedora. Ante esta pasividade ós traballadores non lles queda máis remedio que pecharse na empresa, para evitar o seu desmantelamento, para esixir que siga producindo e que se estuden, analicen e se teñan en conta as ofertas que saben que existen para manter o emprego e a produción. Traballadores que loitan con valentía e cunha dignidade apabullantes para defender que non se desmantele unha fábrica innovadora e punteira no deseño e fabricación de paneis solares. Son na maioría mozos moi ben formados, que traballan, e mozas que traballan con tecnoloxía avanzada nunhas instalacións novas, con moitos millóns de euros de inversión pública e privada, e nun mercado que actualmente está en auxe, é o cacareado I+D+I. Despois de dous meses de loita día e noite, a única resposta que recibiron foron denuncias e demandas que xudicializaron un conflito laboral polo que desde o BNG, solicitamos que o Concello contribúa co seu apoio institucional e público para que esta situación se solucione.

Eu como inda non rematei o meu tempo de intervención gustárame que falaran algún deles, gustárame darlle a palabra, para que dixese o que.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver, que o faga, pero que non sente precedente, porque o Pleno, é para o que é. Non hai problema, porque entre outras cousas anticipamos que vamos a votar a favor, que quede claro.

Nestes momentos toma a palabra o voceiro dos traballadores de T-SOLAR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, pues eu creo que todos asumimos os planteamientos da moción como dixen no principio, eu creo que non require máis debate, xa a exposición de motivos, digamos do representante de T-SOLAR, foron máis que evidentes. Solidarizámonos convosco, non de palabra, gustaríanos que fora de obra y que puidéramos obviamente resolver o problema.

Nestes momentos toma a palabra o voceiro do T-SOLAR.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu creo que todos vamos a comprarllas como é lógico

**A sra. González toma a palabra:** O remate desta moción facemos un inciso si tal

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, pois si, perfectamente, si

**A sra. González toma a palabra:** Unha última cuestión, bueno que dado que o sr. Alcalde y se supón que toda a Corporación Municipal está por unanimidade, van apoiar a moción y se nos pide ademais un apoio serio ¿non?, non un apoio de eso, de dar unha palmadita no hombro, desde o BNG pensamos que o primeiro, un primeiro pequeno paso que podíamos dar, era facer unha declaración institucional que se poida facer pública, nos medios de comunicación e incluso mandarlle á Xunta ó tempo que se lle manda a instancia para o apoio. Entón eu permitinme o luxo de facer un pequeno



borrador para non ter que facelo aquí, y trouxen un para cada un de vostedes, pero vouno ler:

“O Concello de Barbadás, reunido en Pleno o día 9 de setembro de 2013, acorda por unanimidade, facer pública a seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

1- Manifestamos o máis enérxico apoio do Concello de Barbadás solidarizándonos con máis de 170 traballadores e traballadoras que a día de hoxe seguen pechados na fábrica de T-Solar reivindicando o seu posto de traballo e a produción da empresa.

2- Asemade, solidarizámonos coas 20 persoas demandadas inxustamente pola empresa por defender os postos de traballo entre as que se atopan traballadores e traballadoras, sindicalistas e a nosa veciña e Deputada do BNG Tereixa Paz Franco.

Barbadás, 9 de setembro de 2013.”

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai problema

**A sra. González toma a palabra:** O compromiso é que salga en todos os medios de comunicación posibles.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai problema

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Se incorporará al acta

**A sra. González toma a palabra:** Pero envíanos vostedes ós medios de comunicación, claro porque é unha declaración institucional

**O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Nós tamén queremos intervir na moción.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Un momentito, un momentito, porque a ver como encajamos lo de la declaración institucional. Las declaraciones institucionales normalmente se ponen con carácter previo al inicio del Pleno, entonces...

**A sra. González toma a palabra:** O que pasa é que esta, esta con carácter previo non se podía expoñer, porque si non aproban a moción, non podemos facer a declaración institucional y entón tiña que ser a posteriori, obrigatoriamente

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Vale, a ver para que quede recogido. Bueno, entonces como hacemos, seguimos con la moción y después la incorporamos como el Pleno aprueba esta declaración institucional y ya está, vale, bien.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se pode ser unha síntesis, porque está máis que dito, eu creo que os protagonistas foron eles, e teñen que ser eles, ademais.

**A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Dende o Grupo Municipal Socialista, consideramos que esta situación é consecuencia única e exclusivamente das políticas enerxéticas levadas a cabo polo



gobierno do PP, e preguntarlle ó Sr. Freire que foi durante moitos anos o Presidente do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico, e tamén ten algo de responsabilidade na situación que está T-SOLAR, e seguramente que entre as súas obrigas estaría a de defender os intereses económicos da súa provincia. Si cando usted inda era presidente do INORDE sabía pola situación pola que estaba atravesando á empresa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cuando eu era Presidente do INORDE, financiámoslle parte da adquisición do suelo industrial no cual está ubicada a empresa, que foi naquel momento co que colaborou o INORDE, eso por un lado. Por outro lado, o da política enerxética, indudablemente eu creo que o error, non parte do Goberno do Partido Popular, senón, parte dunha falsa expectativa que se generou no País, cuando se deron unhas primas que o mellor naquel momento habría que reconsiderar, unhas ó mellor eran necesarias outras non, pero fíxose digamos unha política enerxética á ligera que generou un déficit tarifario descomunal, o cual pagamos todos os cidadanos agora precisamente vamos a pagar no recibo da luz, día a día, por aquela mala planificación. Non quere decir que sea este o caso, é decir, ó mellor había que, non sei si as eólicas, non sei se outro tipo de, digamos de convenio habería que facer, pero eu o que si podo decir é que o mellor Isolux Corsán, a empresa, non os traballadores, se estuvo beneficiando de montar unhos parques solares que despois privatizou, facendo un gran negocio como empresa a expensas das subvencións que teoricamente, teoricamente non, que pagaba o gobierno, que indirectamente vamos pagar todos nós agora, ese foi, pois desde o meu punto de vista a política equivocada. Os paneles solares son útiles, a empresa é moi útil, moi rentable, pero o que non foi ben planificado foi a política energética, debido a esa mala planificación que nos levou neste momento a un déficit descomunal, pois ó millor parte do problema que temos agora ven de aí, y eso foi gestionado no Goberno do Partido Socialista, se non o sabe usted dígollo eu.

**A sra. Presas toma a palabra:** Pero, non se vai polas ramas, eu estoulle preguntando

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non é unha realidade

**A sra. Presas toma a palabra:** Pola súa responsabilidade como Presidente do INORDE, que eu sepa no 2012, según comentou o..., José Manuel hai que falar que foi cando empezaron os problemas ¿non?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver,

**A sra. Presas toma a palabra:** Usted era Presidente do INORDE

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, era Presidente do INORDE

**A sra. Presas toma a palabra:** E nada máis, son eles os protagonistas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, pero eu díxenlle que o INORDE no seu día colaborou para a



instalación desa empresa.

**A sra. Presas toma a palabra:** No seu día, pero eu digo no 2012, non sei exactamente si xa empezaran os problemas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, neste momento o INORDE non ten competencia sobre esta cuestión, que vai a facer

**A sra. Presas tiña a palabra:** Si usted tiña algunha responsabilidade

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ningunha

**A sra. Presas tiña a palabra:** Ningunha

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ningunha claro, que pode facer o INORDE

**A sra. Presas toma a palabra:** Non sei, preguntolle

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O INORDE cuando pudo defender algo

**A sra. Presas toma a palabra:** Defender os dereitos dos traballadores

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cuando pudo facer algo fíxoo, que foi colaborando para que se implantara a empresa, e financiándolle o suelo industrial, de aquela, e foi o que fixo, a raíz de aí, lógicamente, puxo a súa parte, a súa misión quedou cumprida, no seguimento o INORDE non ten competencia neste momento, para nada, tanto como pode ter o Concello de Barbadás neste momento, ningunha

**A sra. Presas toma a palabra:** Responsabilidade cero. Cero responsabilidade. Perfecto

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Co que non serve para nada o INORDE

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sirviu para o que lle acabo de falar, para que se implantara a empresa, agora o INORDE despois non ten capacidade para facerlle un seguimento, que lle pode facer agora, retirar o importe que lle pagou no seu momento para o suelo industrial, pois ó mellor sería unha cuestión a ter en conta, á empresa me refiero; pero no seu momento si que valeu para algo y o mellor un dos motivos polos que se instalou foi pola gestión que se fixo, para poñerlle a súa disposición un suelo máis asequible a esa empresa que senón o mellor non se houbera instalado no Polígono de San Ciprián e houbera ido para outro lado e a empresa que hasta iste momento estúvolle dando traballo a cento setenta e pico traballadores, ó mellor estaba en outro sitio, iso é para o que serviu o INORDE, o sea que non serviu para nada non llo tolero poque non é verdad.

**A sra. Presas toma a palabra:** Pero unha vez que empezaron os problemas tíñase que velar porque esos cento setenta postos de traballo seguiran en pé

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é misión do INORDE esa, vólvolle a reiterar, por desgracia, se



fora eu asumiría a culpa, pero non é. Vale, entendo que votamos por unanimidade este punto, supoño que xa non quere máis debate, incluíndo por suposto... , no vamos a ver, y a la declaración institucional.

Tras un breve debate sobre o envío da declaración institucional ós medios de comunicación, acórdase enviar a todos os medios escritos e de radio a declaración institucional de apoio aos traballadores de T-SOLAR.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade os seguintes acordos: ““

**1.- Instar á Xunta de Galiza a garantir o mantemento da actividade na fábrica de T-Solar e a totalidade dos postos de traballo, establecendo os avais precisos, a través do IGAPE ou do instrumento que considere oportuno, para apoiar calquera proxecto empresarial solvente que garanta a viabilidade futura da planta e da súa actividade. Con esta finalidade, a Xunta de Galiza liderará todas as negociacións e xestións que se realicen para a concreción dun proxecto empresarial solvente e dun plan de futuro para a planta de T-Solar no Parque Tecnolóxico de Ourense.**

**2.- Instar ao Goberno do Estado a modificar a súa política en relación coa eliminación das primas ás enerxías renovábeis, para o cal é preciso modificar as disposicións que no sentido da súa supresión se establecen nos RD-L 1/2012, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeneración, fontes de enerxía renovábeis e residuos, e RD-L 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro.”**

### **7- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A RECUPERACIÓN INTEGRAL DO PARQUE DAS SEARAS E O ADECENTAMENTO DO PARQUE BAHAMONDE.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois entonces pasamos á seguinte moción do Partido Socialista, que é o punto 6, que é a moción sobre o parque, sobre a recuperación integral do parque das Searas e do parque Bahamonde, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** A cidadanía de Barbadás leva moito tempo altamente preocupada pola situación de abandono e o escaso mantemento no que se atopan un importante número de parques públicos do noso Concello, así como polo mal estado que presentan moitos dos elementos de xogo infantís ubicados nestes espazos adicados ó lecer.



No Grupo Municipal Socialista estamos convencidos que o máximo responsable da situación actual non é outro que o Sr. Freire.

O alcalde ten que ir dar unha volta polos parques de Barbadás para coñecer de primeira man a triste realidade que sofren a cotío moitos veciños e veciñas, pero que afecta especialmente ós máis cativos.

O deterioro e abandono dos parques é absolutamente indignante, vergoñento, tercermundista cando vemos o estado no que se atopa o Parque das Searas ubicado na Valenzá, na rúa Salgueiriños.

Estamos falando dun parque no que todas as farolas están rotas, non só as tulipas senón tamén as bombillas. Estamos falando dun parque no que os elementos de xogo están totalmente obsoletos e deteriorados: ó bambán dos cabaliños fáltalle unha das agarradeiras de xeito que os cativos e cativas non o poden utilizar sen risco de ter un grave percance. Os bambáns grandes non teñen cestiño e polo tanto non son axeitados para nenos menores de 3 anos. Tamén ten tornillos oxidados e o propio elemento de xogo non é estable. Basta con empuxar, con facerlle un pequeno movemento sin moita forza para que se desestabilice e aí colúmpianse nenos e nenas

Falamos dun parque no que a totalidade dos bancos presentan desperfectos de importancia, e moitos teñen barras rotas e astilladas e incluso están carcomidos.

E falamos dun parque que no medio do céspede ten unha focha de máis de medio metro de profundidade e metro e medio de diámetro o que representa un evidente risco para os usuarios.

E como colofón, falamos dun parque cun peche de ferro que nun tramo de máis de dos metros está totalmente esnaquizado e con elementos metálicos dobrados, rotos e enferruxados como consecuencias das obras na rúa contigua. Eiquí hai que lembrarlle ó sr. Alcalde que xa hai meses, a miña compañeira Victoria, reclamou que se habilitara un novo acceso a este parque desde a zona do novo vial, e que o Alcalde se comprometeu a facelo, e a veciñanza segue esperando. En xeral o peche perimetral do parque atópase nun estado lastimoso, e hai que lembrar tamén que a valla contigua ó río ten un importante oco, no que se pode, no que pode ocorrer un percance grave con algún cativo ou cativa.

A situación da zona verde é tan perigosa que no Partido Socialista tememos pola integridade física dos seus usuarios e usuarias especialmente nenos e nenas e por descontado facémoslle responsable dun posible percance ó goberno do Sr. Freire.

No Grupo Socialista temos a íntima convicción de que o Goberno do señor Freire quere afogar este parque, para proseguir co seu afán especulativo como estaba previsto inicialmente, e ás probas nos remitimos, basta con ver, como un vial de nova creación, remata de xeito abrupto, xusto no valado do





parque. Temos que lembrar que desde o PP se pretendeu reducir este parque á mínima expresión, afortunadamente a conciencia cidadá, está á lura sobre as agresións a este pazo de lecer. Precisamente pola afluencia de cativos e sempre saltan os resortes que permiten pór freo ás ansias especuladoras do seu goberno

Nas proximidades do Parque das Searas atópase o Parque Bahamonde que presenta unha situación de deterioro tamén moi importante.

Este parque xa foi motivo de varias mocións do Partido Socialista e todas quedaron en nada, e incluso algunha delas aprobada por vostede, quedaron en nada pola desidia e o desinterese que amosa o Sr. Freire pola mellora das zonas verdes.

Actualmente a situación non fixo máis que empeorar, e debíano saber, xa que parte da zona verde está a chea de lixo, chea de lixo, voulles pasar despois unhas fotografías de toda esta situación, é absolutamente vergoñenta, vergoñenta, está chea de lixo, a pista de patinaxe foi ocupada pola terraza dun bar e os bancos están sen suxeción ó chán de xeito que se poden desprazar, de feito hoxe están colocados dous bancos un ó carón do outro, para montar alí unha pequena tertulia. Os elementos de xogo tamén presentan importantes deficiencias e xa hai tempo que se desprende parte do muro de contención dunha parede que ameaza con caer sobre a pista deportiva. Pero o goberno do Partido Popular sigue sen actuar.

Para o PSdeG-PSOE resulta inconcebible que o carón dunha zona de xogo e a escasos quince metros dunha gardería infantil, haxa un muro de contención de gran volume desprendido, xa hai moitos meses, ó redor da Semana Santa pasada, a ameaza sobre os deportistas e especialmente sobre os cativos é continuada e a desidia do señor Freire é de xulgado de garda. Pero o señor Alcalde non queda contento con esta negligencia, agora resulta que elimina os espazos públicos destinados ó lecer para colocar a terraza dun bar; non estamos en contra dos emprendedores señor Freire, pero defendemos contundentemente que unha pista de patinaxe para os cativos que está ubicada neste parque siga tendo o uso para o que foi construída. Os argumentos que utiliza a Alcaldía son totalmente absurdos, xa que en resposta ás preguntas feitas por escrito polo PSdeG afirma que se trata dunha pista ilegal; señor Freire a súa resposta pon en evidencia que vostedes traballan con escasa coherencia, e despilfarrando os cartos da veciñanza, constrúen algo que despois resulta ilegal ou din que resulta ilegal

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Niguén dixo que fora unha pista de patinaxe eso, que patinen aí é a parte



**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Bueno, pero é que ademais é que esta pista estivo sendo utilizada sistematicamente polos cativos e cativas para patinar, sin que o Concello adoptara ningunha medida que alertara sobre a suposta ilegalidade da mesma, bueno, pois entón vostedes non vixían pola integridade física dos nosos conveciños señor Freire, vostedes ven que se constrúe unha pista, que resulta que non é para patinar, pero vostedes deixan que alí se patine e dálles igual e non alertan nin vallan, nin poñen un sinal, por favor, por favor, un pouco de coherencia, un pouco de coherencia; en todo caso é evidente que a actuación do señor Freire e dos seus colaboradores é dunha irresponsabilidade e dunha deixadez absoluta. No caso de non cumprir esta pista coa legalidade ou de non estar construída para ese fin, como vostede acaba de decir, ¿por que foi construída a pista?, ¿por que non está precintada?, ¿por que se permitiu desde o Concello o uso para patinar?, explíquenmo, explíquenmo, vostede mesmo, remítome ás suás verbas, señor Freire que dixo que esa pista non foi construída para patinar, pero resulta que os nenos patinan, patinan; nas preguntas a acera, a acera

**O sr. Manuel García (PP) toma a palabra:** ¿Non patinan na acera?, ¿foi construída para eso?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** No, pero outra cousa é unha pista construída nunha zona verde. Nas preguntas que formulamos desde o Grupo Socialista, a Alcaldía tamén afirma que os bancos foron retirados dado que molestaban. Aquí temos que lembrarlle que os dous bancos non só foron retirados senón que ademais non foron ancorados ó chan, collinos eu en peso, teño fotografías e están postos un enfrente doutro, sin suxeición ó chan ¿vale?, pois moi ben. Señor Freire os bancos na actualidade son bancos móbiles, e que se poden desprazar por toda a zona verde conforme ó antoxo, e ó gusto, e ó criterio dos usuarios, ademais non pode ser unha coincidencia que os bancos foran retirados ó mesmo tempo que destina o espazo público da terraza a un bar, que casualidade e gustaríame que vostedes todos miraran estas fotografías porque, home, eu convídevos a todos vós a que as vexades, porque desde logo é un auténtico. Isto é terceiro mundo, pero total e absoluto, vese con absoluta nitidez a situación dese parque.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mire, por favor abrevie que

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Tamén, tamén llas entregamos agora, tamén llas damos agora

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Podémolas ver in situ, que non nos fan falta fotos ningunha, que témolo ben cerca todos

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Por todo o anteriormente exposto, propomos ó Pleno desta Corporación o seguinte acordo: Arranxar de xeito inmediato ó peche metálico do Parque das Searas habilitando un acceso para esa zona tal como reclama a veciñanza. Instalar novos elementos de xogo



que substitúan ós existentes. Substituír todo o mobiliario urbano deteriorado (luminarias e bancos) e instalar papeleras. Repoñer o céspede deteriorado. Tapar a focha que hai no centro da zona verde. Dar cumprimento ó acordo unánime do 10 de setembro de 2007 no que se aprobou unha moción do PSdeG que contemplaba unha serie de melloras no Parque Bahamonde, a zona do parque Bahamonde. No mesmo parque reconstruír o muro de contención. Recuperar para uso público a pista de patinaxe ocupada actualmente por un negocio particular, e si é ilegal e non se adecúa ás condicións que precisa unha pista de patinaxe, que se recupere o espazo para uso público

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si eu o vexo, que paso por alí moitas veces, que vou camiñar

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Retirar de xeito inmediato o lixo que hai acumulado no parque. Que os bancos recuperen a súa ubicación orixinal e substituír ou mellorar os elementos de xogo. A verdade é que as fotografías nesta moción escusábanse, porque as fotografías son absolutamente elocuentes e desde logo penso que en moitos países do terceiro mundo, non se dá esta situación, e si vostede pasa con moita frecuencia por esa zona, non comprendo a súa desidia e o seu abandono, e por que non dá a cara diante dos veciños, e lle explica por que a situación de esas dúas zonas está así, e non é algo recente, é algo que xa se trouxo a este Pleno en reiteradas ocasións, o parque Bahamonde incluso con mocións aprobadas por vostedes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, ten a palabra o voceiro do BNG. Agradézolle brevedad, porque senón.

**A sra. González toma a palabra:** Brevisimamente, mire, o que dice o señor Valcárcel é todo verdad, porque eu permitinme o luxo, si é todo verdad, eu permitinme o luxo de cuando vin a moción, pois dixen, bueno, pois ir a andar por alí porque vou habitualmente, pero xa fun a propósito ¿non?, de aí que traiga as fotos no móbil porque as quixen comentar cos meus compañeiros, é un escándalo. A ver o parque Bahamonde e o parque das Searas, é un escándalo, porque xa solo a entrada, á entrada a porta de ferro, que ten para entrada y a , si vés do parque dos Patos, está máis ou menos, pero si vés andando desde atrás pois non a lugar, a ver, non, non se pode baixar practicamente, porque está en pedra, a porta de ferro está rota, con un neno alí eu non vou porque se pode matar, así de claro, se pode matar, ou crearse un problema moi gordo. Elementos de xogo totalmente de cando eu era pequena, que iba a Irmáns Villar, e no Xardín había esas barras que se colgaba un e daba a volta, destas de ferro, que acabas caéndote e matándote literalmente, pois que a día de hoxe están prohibidas, e que non debería de estar alí, etcétera, etcétera, e no que está por detrás e utilizado ademais por unha gardería infantil; entón non sei, un pouco de..., e que xa non sei como decirllo, claro. Entón,



Miriam, unha vez máis cobrar mil trescentos cinco euros con algo ó mes, por cuatro horas de traballo, te han solucionado la vida, moléstate un poquito, entendes, moléstate un poquito, que non sexa o PSOE e o BNG os que teñan que traer aquí as fotografías, para que ti as vexas ¿eh?, porque sinon non o sabes, e que é alucinante o de este Concello. Ben, a parte do parque das Searas y do parque das, de Bahamonde, que efectivamente como xa o relatou Valcárcel, non vou a facer aquí un relatorio máis extenso, a parte deso hai dous parques na Valenzá, muy, muy, muy, con moitos usuarios infantís, o parque da Solaina y o parque de abaixo da Liberdade. Ben, o parque da Solaina ademais, durante o verán e ó longo do ano, ó longo do ano, pero especialmente durante o verán é utilizado por nenos e nenas que están alí nun campamento, bueno, pois eu vin un día destes, como había bloques de cemento deste tamaño máis ou menos, y nenos de cuatro ou cinco anos, se estaban tirando os bloques unhos ós outros, no medio do parque; hai, os columpios están deteriorados, hai cristais, porque as farolas están rotas, caen os cristais e nadie os recolle, hai cabichas que moitas veces xa sabemos que está prohibido fumar alí, pero hai xente que igual fuma alí, tira, non hai limpeza ¿vale?, e non hai revisión, é decir, non lles costa nada, jolín, pasar por alí, unha vez cada seis meses, e mirar como están os parques, o de abaixo, da Liberdade, tres cuartos de lo mismo, as colchonetas donde saltan os nenos, a protección que teñen ó redor para que non se manquen, ou non corten a cabeza, o pescozo si caen, cáese, hai nenos de dous anos, saltando alí, cáese a protección, cae o neno que teñen pouco equilibrio con dous anos, cae o neno, y se puede matar, pode cortar a yugular, e que realmente a ver esto é poñernos xa en extremos, nunca pasou, pero un día pasa e acabouse, é decir, é poñerse en extremos. Parques dos arredores, O Común, como teñen O Común, quitaron unha portería hai un ano, nunca máis a volveron repoñer, como teñen o Común.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Cual é o Común

**A sra. González toma a palabra:** ¡Ah!, non sabe cual é o parque do Común

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¡Ah! en Piñor, te refieres, me estaba falando da Valenzá, pásame o Común.

**A sra. González toma a palabra:** No, no. Home, porque o Concello é todo non estou falando solo ¿vale?, o Común, está como está, nin limpeza, nin nada de nada, o parque da Viña Vella, que un parque que hai subindo de Piñor a Mugares, que si que é verdad que non é utilizado polos nenos habitualmente, pero que si eu me vou de excursión por esa zona y vexo alí un parque ben posto, igual me paro a merendar alí, y é unha zona

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O parque Currás dirá, chámase parque Currás



**A sra. González toma a palabra:** Viña Vella, chámase seica. Igual me paro a tomar alí algo e de paso divos as fermosas vistas de Barbadás. Bueno, está todo en absoluto abandono, en absoluto abandono, y a Concelleira chámase de parques e xardíns, seica.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, terminou. Bueno vamos a ver, nós tan conscientes somos de que eso é necesario unha actuación, de que temos unha subvención pedida y un proxecto en marcha para facer o arranxo dises parques, pero o que vamos facer, loxicamente vámolos facer desde o Equipo de Goberno, co cual nós vámoslle rexeitar a moción, por o mero feito de que as pautas para facer o que hai que facer ou o que non hai que facer, lógicamente márcas o Equipo de Goberno y me remito os feitos, é decir, si temos o proxecto e temos solicitada a subvención, se vai a arranxar por suposto, todo eso y o que faga falta, pero indudablemente unha vez que veña aprobada a subvención, porque temos que ter aprobada para poder iniciar as obras, tan pronto veña se vai iniciar. Ten a palabra de todas maneira a Concelleira de obras. Ten aprobada, perdón, ten a palabra a Concelleira de obras, por si quere decir algo ó respecto.

**A sra. Prieto (PP) ten a palabra:** Nada, decirlle que o da Solaina y o da Libertad, en Julio se cambiaron as pezas todas que estaban deterioradas, todas, nises dous polo menos.

**A sra. González toma a palabra:** No mira en julio non, porque mira estuven eu hai pouco no parque da Liberdade, e vin como se lle caian a protección que teñen as

**A sra. Prieto toma a palabra:** Eu dígoche que foron reparados

**A sra. González toma a palabra:** Tú miraches si foron reparados realmente

**A sra. Prieto toma a palabra:** Si

**A sra. González toma a palabra:** Pois non estaban porque vin como lle caían, hai pouco, en Agosto, foi ¿eh?, y non hai moito, de agosto ¿vale?

**A sra. Prieto toma a palabra:** Todo o que estaba mal arreglouse

**A sra. González toma a palabra:** Pois igual non arreglastes todo o que estaba mal e só unha parte. As bombillas, mira, as bombillas das farolas, as bombillas das farolas hai uns días, houbo alí a demostración dun ximnasio da Valenzá privado, e as bombillas das farolas non funcionaban porque estaban rotas, y estuven eu alí, estaban rotas, quero decir que, que, nesas parques igual se hai que parar máis, porque son moitos os usuarios. As canchas que están arriba, as canchas tamén están nun estado que ¡vaia por Dios!, ¿eh?, que, que non pase nada tamén, que non pase nada, nas canchas esas

**A sra. Prieto toma a palabra:** O único que che digo e que o reviso bastante a menudo

**A sra. González toma a palabra:** Si, xa, xa te vexo por alí bastante a menudo, si, xa te vexo.



**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Ben, digo que eu non vou a entrar nese delatixo de si agora mesmo ese parque está ou non está arranxado, a moción vai sobre estes dous parques, y é certo que o Partido Socialista, ten presentado reiteradas mocións en relación ós parques, e vostedes Equipo de Goberno do Partido Popular teñen un relatorio nunha moción que fixo a miña compañeira Victoria, recorrendo todos e cada un dos parques de Barbadás, con todas as carencias reflectidas nunha moción, que vostedes evidentemente rexeitaron, e as carencias siguen todas aí. Dicar en relación ao parque da Liberdade, que independentemente de que se cambiaran esas colchonetas, ou non se cambiaran, esas colchonetas son un auténtico perigo para os cativos e cativas deste Concello, e os usuarios que veñan de fora, que están elevadas sobre o chan, e os nenos que as usan e as nenas que as usan, teñen dous, tres, un ano, catro ano, e poden caer desde unha altura de máis de medio metro, é dicir, nós desde o Grupo Socialista consideramos que hai unha irregularidade grave, e si se repuxeron as colchonetas, tal e como estaban actualmente, tal e como estaban actualmente, mal feito; retomen o asunto, retomen o asunto, analicen si eso é legal, verifiquen si se poden instalar unhas colchonetas a ras de chan, e entón probablemente falemos de algo ben feito, mentras tanto, non, porque como siguan estando a máis de medio metro de altura sobre o chan, e se caía un neno de un ano, dous anos, tres anos, catro anos, un ano non, pero de dous si Manuel, pero de dous si, pero de dous si, detrás dos nenos, detrás dos nenos non hai un policía, detrás de cada neno non hai un policía, e que temos que ser serios e cumprir coa legalidade, teremos que cumprir coa legalidade, pero hai unha responsabilidade civil do Concello e vostede sabeo, a señora Secretaria debe sabelo que estou convencido que o sabe, hai unha responsabilidade civil do Concello, do Concello, sobre no momento en que ocorra un percance de esa índole, e o elemento de xogo sexa ilegal e non cumpla cas condicións establecidas pola Lei.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En todo caso tomamos nota, non nos enrollemos sobre esto

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** No, é dicir, señor Freire, si, pero eu non digo que non se cambiaran, eu digo que esas colchonetas probablemente non cumplan ca legalidade

**O sr. Freire toma a palabra:** Pois mirarémolo

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Última cuestión, señor Freire, vostede vive das subvencións, vostede vive das subvencións, os veciños deste Concello non poden estar á espera, de que nun momento determinado teñamos un muro de contención caído, que esté a dous metros de esbarroncar enriba dunha pista deportiva, e a quince metros, ou menos, dunha gardería infantil, como dixen eu na moción, e estemos pendentes , ¡ah!, a ver si nos llega la moción, digo la subvención, cando ocorra o percance



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos arranxar todo eso, vamos acometer a reforma integral dos dous parques

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Si, si imos acometela, imos, imos, imos,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si ven a subvención mellor, e si non ven tamén, pero si ven ímola aproveitar, punto

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire a súa palabra é sempre imos, imos, pero a veciñanza reclama solucións

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale xa está

**A sra. González toma a palabra:** Quería facer dúas preguntas, este bar, nesta cafetería da que falou Xosé Carlos ¿ten licencia para ter as terrazas na pista verde esa?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten

**A sra. González toma a palabra:** Ten licencia, ¿y eso é legal, que ocupe esa pista verde?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é pista verde ningunha

**A sra. González toma a palabra:** É unha pista verde, outra cousa e, a ver vina eu, a min non me negues o que eu vexo, négame o que queiras, pero o que eu vexo non, é unha pista verde, non sei para o que se dedica.

**O sr. García toma a palabra:** Ten licencia, pero vamos a ver no parque de San Lázaro non hai terrazas, pero vamos a ver, no parque de San Lázaro non hai terrazas

**A sra. González toma a palabra:** Pero bueno, veulle a policía

**O sr. García toma a palabra:** É que está prohibido poñer terrazas alí si o Ayuntamiento llo permite

**A sra. González toma a palabra:** Deulle a Policía Local permiso para poñer alí

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Claro, os informes son favorables sinon non podemos dalo, home

**A sra. González toma a palabra:** Son todos favorables, e tamén ¿pode regar con auga pública a zona?. Pode regar unha cafetería privada con auga pública

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eso non, por suposto que non

**A sra. González toma a palabra:** Pois investiguen ese tema, porque a min chegoume ós oídos que regaban con auga pública esa zona, chegoume os oídos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En todo caso, voulle facer un comentario ó respecto, con relación á pista famosa, vamos a ver, si antes usaban os nenos a pista aquela, pues bueno en todo caso usábana, bien, non tiñan ó millor moito onde patinar, desde que se sacaron as canchas da pista de abaixo que non as querían, que tíñamola alí, que lle entraban as casas y tal, xa estaban vostedes de Concellales eu



penso que si, que se retiraron, os nenos teñen un sitio estupendo para patinar abaixo, y o lógico é que patinen abaixo que están protegidos, é un sitio amplo, e non está ao lado dos coches, entonces,

**A sra. González toma a palabra:** Pero, independentemente de que eso sexa para patinar ou non, eu digo que é unha zona cuadradiña que tampouco é excesivamente grande, verde, si ten permiso y é legal

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten permiso, claro. As terrazas todas piden permiso previo

**A sra. González toma a palabra:** Da Policía Local, si, acaban de decir que si, os informes son favorables

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pois a Policía Local que non digan dúas cousas diferentes, unha eiquí arriba y outra abaixo ós veciños, porque lle están contando ós veciños outras cousas diferentes

**O sr. García toma a palabra:** Hai informes favorables e están abaixo

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Os dous bancos que estaban alí, ¿donde van?, porque agora solo se poden sentar un alí, si consumes na cafetería, sinón como os bancos desapareceron

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero os bancos

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Están noutro lado

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Os bancos agora, ó diseñar o novo parque de algunha maneira vanse a axustar, alí aquilo, bien

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Trasladáronse

**A sra. González toma a palabra:** Pero entonces esa zona que era pública, esa zona que era pública pasa a formar parte da cafetería

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sigue sendo pública

**A sra. González toma a palabra:** Non, pasa a formar parte dunha cafetería ca terraza

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E unha acera, unha acera, é da cafetería

**A sra. González toma a palabra:** Si eu solo me podo sentar ali, si me sento na cafetería, pasa a ser privada, de feito si, de feito para a ser privada

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non vai ser así, os bancos se non se poñen nun sitio, poñeranse noutro

**A sra. González toma a palabra:** Porque nas aceras, nas beirarrúas pola Valenzá, hai os bancos, eu séntome alí, non teño porque estar na cafetería, pero nesa zona non, si retiran os bancos non

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero se pondrán bancos alí, o que non se podrán, onde está a mesa, non pode poñer o banco, é lógico, tampouco na acera onde está a mesa hai o banco, pero haberá ó lado

**A sra. González toma a palabra:** En definitiva, o mellor sitio para a cafetería





**O sr. Alcalde toma a palabra:** No, no, no, o mellor sitio, o parque é general

**A sra. González toma a palabra:** De feito si, de feito si

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Onde están as sillas e as mesas pois lógicamente esa cafetería paga un impuesto y está alí, pero o resto todo é parque, tamén a acera onde están as mesas pois está ocupando un espacio

**A sra. González toma a palabra:** Pero hai bancos, porque eu podo usar a acera independentemente de estar na cafetería

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero aí tamén os hai, senón os hai vánselle poñer

**A sra. González toma a palabra:** Pero o mellor sitio desa zona

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E por que é o mellor sitio, hombre

**A sra. González toma a palabra:** E logo, non ve, porque é o mellor sitio, está enfrente do bar e a zona máis ancha, a outra zona é unha zona estreitísima

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Se pondrán os bancos igual, non se preocupe usted. Eu creo que está máis que debatido este punto

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire nós presentamos unhas preguntas xa no mes de agosto, e vostedes responderon que todo era legal, os ruídos, a saída de fumes, os bancos, a pista de patinaxe que non existía, que tiña autorización para todo eso

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós respondemos en base ós informes técnicos que temos en cuanto a ruídos, en cuanto a fumes, en cuanto a todo eso

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire ¿é certo?, agora preguntámoslle verbalmente aquí ¿é certo a cafetería está utilizando a toma de auga que utiliza Protección Civil?, é certo o que afirma, é certo que afirman os propietarios da cafetería de que vostedes lle van a poñer céspede agora alí

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Preguntamos, preguntamos para que nos responda

**O sr. García toma a palabra:** Non é certo nin nos consta

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non nos consta absolutamente nada de eso que usted me dice

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois, é o que se está decindo, ¿por que moveron os bancos e resultan que non están ancorados ó chan? ¿por que están alí danzando?, non é unha pista de patinaxe, pero é parece unha pista de baile, para os bancos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Os bancos se reubicarán na mesma zona



**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Se reubicarán, sr. Freire, eso é un perigo para os veciños, que estén os bancos soltos alí, vostedes son unhos inconscientes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mentres non se fai o novo proxecto, pois

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** É lamentable, de verdade

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿Votos a favor da moción?, ¿votos en contra polo exposto anteriormente?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor, do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **“Moción do PSdeG-PSOE para a recuperación integral do parque das Searas e do adecentamento do parque Bahamonde”**

### **8- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓN DE ESTADOS EXTRANXEIROS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores



nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita ao Pleno do Concello de Barbadás a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a

1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se



lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción que é do BNG sobre as pensións, dos que reciben pensións de estados estranxeiros, efectivamente, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Bueno como a exposición de motivos xa está na moción que presentamos, vou a intentar ser breve, o único dicir que hai miles e miles de galegos e de galegas, que por cuestións económicas tiveron que emigrar ó longo do século pasado, agora sigue pasando o mesmo, seguen emigrando os mozos e as mozas deste País, pero o curioso é que a estas persoas nunca se lles cobrou polas rendas que obtiñan no estranxeiro, polas pensións que cobraban de ter traballado no estranxeiro, de feito había varias sentencias de varios tribunais españois, que recoñecían que non había dereito a cobrar sobre, a estas, a estes pensionistas. Sen embargo no ano 2008 modifícase a Lei do IRPF y no artigo 96 introdúcese, en concreto o artigo 96 pois pon obrigación de declarar, y establécese un parágrafo novo que non existía que é cando, obrigados a tributar máis de once mil douscentos euros, e despois hai unhos supostos, e no apartado C figura, cando o pagador non estea obrigado a practicar retencións, claro esto no ano 2008 cando se presenta esta modificación da Lei tributaria pasa totalmente desapercibido e ninguén fai caso desta letra, pero resulta que agora no ano 2013, nos levamos a sorpresa, moitos pensionistas deste País están recibindo notificacións de que teñen que declarar os ingresos de pensións no estranxeiro desde o ano 2008, desde hai cinco anos, aqueles pensionistas que perciben máis de once mil douscentos euros e como non lle fixeron retencións en orixe sobre estas pensións, os obrigan a declarar, e non só eso, e que ademais de ter que declarar trátanos como si foran absolutos delincuentes, porque as cartas que lles envían, son cartas que se lles envía a un defraudador fiscal do estilo Bárcenas y o que é infumable, que a unha persona que



actuou sin ningún tipo de mala fe, por non estar informado non houbo nin sequera nin un requerimento por parte da Axencia Tributaria a estas persoas para que tributasen en prazo, en tempo, en forma os seus ingresos que seguramente o terían feito, sin embargo, se lles pide o adebedado durante cinco anos y encima a moitos deles baixa ameazas e baixo coaccións de pagar xuros moi altos, pagar multas, pagar sancións, etcétera, etcétera. Ben, sendo contrarios a esta modificación tributaria y o BNG apostaría por anular este punto, ou máis ben por anular as tributacións que veñen do estranxeiro dos pensionistas quedaran exentas de tributar, aínda pedindo isto como mínimo, o que solicitamos e así figura nun dos acordos, é que non se aplique con carácter retroactivo, que as pensións cobradas do ano 2008 ó ano 2013, que non se lles cobre, que aquelas persoas que xa pagaron porque no escrito se lles obrigaba a ingresar na Axencia Tributaria, nun prazo de dez días, todo o que se adebedaba, e sinón se lles puña unhas sancións y unhas multas moi altas y a xente por medo loxicamente en dez días buscaba o diñeiro e pagaba o que debía, pois nós solicitamos desde o Bloque Nacionalista Galego, non só en este Concello, sinón que se vai facer en moitos concellos deste País, tamén no Parlamento de Galicia e no Estado Español, o que se solicita e que se lle devolvan a esas persoas as cantidades pagadas polo declarado do ano 2008 ó 2012, e manifestar por exemplo apoio ós veciños deste Concello, por este requerimento da Axencia Estatal. Instar á Xunta de Galicia a establecer mecanismos para colaborar co Concello na prestación de asesoramento ás persoas que o precisen eu creo que o Concello debería asesorar y as persoas que o necesiten na medida do posible, dalgunha maneira as persoas estano pasando moi mal, de repente vense con un requerimento que ó mellor teñen que pagar, tres mil, catro mil, cinco mil euros, en un prazo de dez días, cando moitas de estas persoas son as mesmas que se viron afectadas polas preferentes de Caixa Nova, porque son pensionistas con rendas no estranxeiro, que tiñan unhos pequenos aforros que meteron en preferentes y agora enriba a Axencia Tributaria venlles a cobrar polo cobrado nos últimos cinco anos. O que se demanda do Goberno do Estado é a anulación de todos os expedientes sancionadores desde o ano 2008, que non se apliquen con carácter retroactivo. O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando requerimentos relativos a exercicios comprendidos entre o 2008 e 2012. A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que esta situación se repita, e trasladar este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia y o Goberno do Estado Español.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do PSOE

**A sra. Morenza toma a palabra:** Bueno como todos moitos sabemos, eh, familia, numerosas familias do Concello de Barbadás, están afectadas por esta situación, moitos homes e mulleres viron



perturbadas a súa vida cotiá ó recibir estas cartas nos últimos meses da Axencia Tributaria verdadeiramente amedrentadoras. Estas personas que no seu día tiveron que emigrar e deixar ós seus fillos a cargo de familiares, que tiveron que renunciar a vivir preto dos seus que se viron obrigados a permanecer durante anos lonxe dos seus seres queridos, ven agora como as políticas da gadaña do sr. Rajoy, pasan sobre eles como unha apisonadora. O PP, ó PP non lle pareceu suficiente facerlle pagar os medicamentos, as ambulancias, os libros dos seus netos, os comedores escolares e os que nos quedara por diante, non, eso foi pouco, agora resulta que un, a un xubilado que perciben en España unha pensión de media de oitocentos euros, por poñer un exemplo, e uns ingresos do exterior aproximadamente de dous mil quinientos, que a media, falo con conocimiento de causa ademais, ten que facerse cargo de atrasos por non ter tributado cinco anos atrás, pero hai que ter en conta, que a desinformación foi o que caracterizou este tipo de supostos, non podemos esquecer que ós nosos pais, ou nais, ou avós dicíase que no banco que non era preciso tributar, eses bancos que daban unha información tan precisa ós seus clientes, eses bancos, que hai, dos que moitos foron vítimas desa actitude hipócrita y succionadora por decilo lixeiramente das Entidades Bancarias, e esa información proviña tamén da propia Axencia Tributaria, como decía o compañeiro do BNG, pero agora como hai que conseguir liquidez, e cadrar as cifras macroeconómicas para presumir no exterior do País, como fai Rajoy ou intenta facer a quen pretende enganar, a costa de afogar a quen, á cidadanía. Agora, agora parece si que hai que tributar, agora teñen que pagar os atrasos e multas que para moitos pensionistas son millonarias, pois hai pensionistas neste Concello que tiveron que facer fronte a pagos de máis de cinco mil euros, e moitos deles tiveron que pedir axuda, porque esas familias non podían asumir esas contías, porque os xestores do PP e decimos xestores porque xa hai tempo que deixaron de converterse en políticos, teñen que facer cadrar as contas para que pague, pague quen pague, caiga que caiga, inda que sexan os pensionistas os máis débiles, moitos deses pensionistas cando volveron do estranxeiro e antes de xubilarse, tamén temos que lembrar, moitos tivéronse que facer autónomos, ou mesmo incorporarse á vida agraria como agricultores, e no seu día non tiveron dereitos nin a enfermarse, nin a baixas de maternidade nin a nada, e agora atópanse que este País maravilloso de Rajoy, non poden disfrutar tranquilos da súa vellez e teñen que afrontar sancións, intereses de demora, e mentras tanto seguimos agardando por unha reforma da fiscalidade en profundidade, e sobre todo unha reforma que afecte ás grandes fortunas, ó mellor o Alcalde deso sabe moito, de grandes fortunas, non lle interesa unha reforma tributaria dese tipo, pero as dramáticas históricas, historias, que están vivindo os xubilados do Municipio de Barbadás, sabe pouco vostede destas historias dramáticas, sabe ben pouco,



por eso nos gustaría tamén que aclararan, si van a prestar algún tipo de asesoramento ou si xa o estiveron facendo durante estes meses.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien a demagogia é libre loxicamente, e non ten límites, libre e non ten límites, empezando por vostede. Vamos a ver, esta Lei que se fixo baixo o goberno socialista no 2008, ten, ten vostede unha cara e un rostro como se dice vulgarmente que lle arrastra. O seu partido foi o que aprobou esta Lei no 2008, e ven agora a reprocharlle ó Alcalde de Barbadás, ou ó Partido Popular que é de obrigado cumprimento, que é de obrigado cumprimento, e venlle a reprochar ustedes aos actuais gestores, os actuais gestores o único que fan é aplicar esa Lei, que ustedes, que ustedes, co apoio de vostedes, por certo, no Parlamento, porque en Madrid, si, si, si, cuando estaba, cuando vostedes, cuando os presupostos, que eso vai na Lei de presupostos, cuando gobernaba o PSOE, me acordo, como nos acordamos todos, que vostedes no 2008, que o apoiaban, oito, sete y anteriores.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Solo o apoiamos dous anos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, en todo caso, en todo caso, en todo caso, cómpre,

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Apoiamos dous anos, razoado, e lle digo por que se aprobaron esos presupostos e o que se conseguiu para este País

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, en todo caso, unha Lei que fai o Partido Socialista, que o Gobierno do Partido Popular o único que fai é aplicala, entonces agora o delito teno o que ten que aplicar, que ten que aplicar porque é de obrigado cumprimento. Vamos a ver os impuestos témolos que pagar todos, por desgracia uns, ou por suerte claro, unhos e outros, entonces dito sea de paso, está Lei estaba en vigor, como digo aprobada polo Partido Socialista, Facenda o único que fai é aplicala, punto, poderase derogar, pero mientras estea en vigor hai que aplicala. Tamén é certo, y eu solidarízome cos que teñen pequenas pensións, como é lógico, o meu pai tamén foi emigrante, como foi vostedes, como teño entendido y eu sufrín, as, como sufrimos todos os fillos da emigración a ausencia dun pai durante moito tempo, máis de once anos, vale, y me solidarizo con todos esa xente, agora ben, de aí a facer demagogia, pois hai un abismo ¿non?, hai un abismo total y absoluto, porque tamén é certo que hai xente, hai que diferenciar que tipo de pensións, hai xente que recibe pensións do estranxeiro, que ó millor ningún de ustedes, ó millor nin nós, ganamos ise sueldo

**A sra. González toma a palabra:** Será porque traballaban o suficiente alí

**O sr. Alcalde toma a palabra:** De acuerdo, pero terán dereito, pero terán dereito a contribuír como todos os cidadanos de España, si viven en España, para poder mantermos os servizos públicos, ou non, todos temos que contribuír, pois iles son unhos máis, unha vez que están eiquí, o lógico é que de



algún xeito, si teñen unha pensión acorde e que é necesaria, e que teñen unha base imponible equivalente o que se poda declarar en España, pois serán unhos cidadanos máis, vale, entón, nós sin deixar de solidarizarnos con eles, nós non temos neste momento aquí no Concello medios, digamos para poder informalos, porque si aprobáramos esta moción, mira para nós sería moi fácil, e sería demagógico, aprobar, decir que si y punto, e despois que chegaran eiquí e quen os informa, si nós non temos personal técnico para poder asesoralos desde o punto de vista fiscal, a min que se faga a Diputación, que seguramente a Diputación votaremos a favor, non sei supoño que si, pois agora mesmo non me dou de conta, pero bien, en todo caso que o faga a Diputación que poña a disposición un servicio de ese estilo perfecto, agora ben o Concello de Barbadás, non ten medios neste momento para poder poñer un equipo técnico para informar ó personal, non ten capacidade para decirlle ó Gobierno Central, que cambie unha Lei que foi aprobada xa, como dixemos antes no 2008, porque non nos van facer puñetero caso, a Xunta de Galicia, pois non creo tampouco porque non é competencia dela, entonces a nós si queremos ser, acabar a discusión, votamos a favor e acabouse a historia, agora non ten repercusión ningunha, ningunha, nin pouca nin moita. A verdad sea dita porque, vamos a aprobar unha moción que nós aunque lle queiramos dar, en primeiro lugar, eses todos a maioría deles xa pagaron punto primeiro, xa pagaron todos, si, si, eu conozco moitos casos que xa pagaron. O de devolverlle o diñeiro, eso é ustedes e nós querer quedar ben ante esa xente dicíndolle, pedímoslle ó Concello que lle devolvan o diñeiro, moi ben, e que fixeron con eso, queremos pedir o diñeiro, pedímolo que llo devolvan, vanllo devolver, sabemos todos que non, sabemos todos que non llo van a devolver, porque é unha Lei de obrigado cumprimento, é un tema tributario y hai que pagalo, y si non llo pagan embárganllo, é así de sencillo, a eles y a nós y a quien sea; entonces non deixa de ser demagogia pura e dura, demagogia pura e dura, eu, xa digo, someto ao criterio de todos, non teño inconveniente en votar a favor, pero me consta que é votar a favor de algo que se sabe que non vai ter significado ningún, nin vai ter repercusión ningunha máis ca ir onde os individuos e dicirlle votamos a favor, porque nós somos estupendos, pero non nos vai valer para nada, pois non, vamos ser coherentes, vamos apoiar cousas que nós teñamos capacidade para poder modificar e non nos metamos nestes berenjenales que a nós nin nos van nin nos veñen, porque non podemos facer nada, non podemos facer nada con esto nós ¿vale?

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Eu na miña primeira intervención y pola hora que era, y tal, intentei ser, de verdad, o máis suave posibel, non dixen absolutamente nada, non me metín con ninguén, estiven, bueno, intentei ser, vamos, non molestar a ninguén, pero despois de ver, escoitar ó sr.





Alcalde, si que a min xa me ferve a sangue y algo teño que dicir, porque me parece escandaloso. Primeiro a min paréceme que estou no Concello de Ourense escoitando a Jácome, a argumentación é igual, vostede debe ver Auria y debe repetir a súa argumetaria, esto es demagogia, non vale para nada, é quedar ben ca xente, total esto non vamos a ningún lado, non sirve para nada. Bueno, primeiro, por ir por partes, porque agora xa voume a explayar, o Bloque Nacionalista Galego apoyou os orzamentos do Partido Socialista, por certo, nunca na vida a reforma tributaria y nunca na vida as reformas laborais, aprobou os orzamentos porque conseguía melloras substanciais para este País, que se chama Galiza, milloras que non conseguían os cincuenta deputados do Partido Popular, conseguíanos dous do Bloque Nacionalista Galego y a nosa responsabilidade era votar a favor daqueles orzamentos, condicionándoos a que se viñeran para o País, millóns de euros, por exemplo para extinción de lumes, o que vai falar despois Xarín, ou para pór en valor o monte como pasa en Xinzo y en zonas de especial interés agrícola, por eso votou a favor o Bloque Nacionalista Galego en Madrid. Segunda cuestión, pensionistas no estranxeiro teñen que tributar porque gañan moito diñeiro, mire, si lle parece a vostede

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Os que ganan, os que ganan

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Si lle parece a vostede que pouco fixeron os pensionistas deste País, por este País, si lle parece que fixeron muy pouco, marcharse con vinte, con vintecinco, con trinta anos, deixar os fillos eiquí, a coidado de familiares y eles irse a traballar a Alemania, onde non querían traballar os alemáns, vintecatro horas ó día, todos os días da semana, para poder traer unha pensión para este País

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Seino millor ca vostede que xa lle dixen, que son fillo da emigración, hombre

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Y ahora volven de vellos, volven de vellos, queimados, acabados, que as veces nin coñecen ós fillos, cunha pensión y lla quitan, joder.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non lla quintan non

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Non lla quitan, estanlle cobrando por atrasos como dicía Victoria, máis de cinco mil e máis de dez mil euros, algúns deles, baixo amenazas de cobrarlles moitísimo diñeiro, xente que as veces non ten nin esas pensións, porque llas deron ós seus fillos, porque están no paro ou pagando hipotecas, a todo o mundo, é indignante, y agora decir que non vale, mire, eu non sei si leu a moción, pero a moción dice: “instar á Xunta de Galiza a establecer mecanismos para colaborar con este Concello, a Xunta de Galiza, que colabore a Xunta de Galiza con este Concello, nós tamén o vamos a pedir na Xunta de Galiza esto, que colaboren co Concello de Barbadás na



prestación de asesoramento ás persoas afectadas e di vostede que non, di vostede que non, non, non, que o dixo o, sr. Alcalde, que non, que non valía de nada, que total que para que, que da igual que esto é demagogia, que por que vamos nós a pedir algo para os pensionistas de Barbadás, pero quen es somos nós para pedir asesoramento

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non dixen eso, o que fai unha demagogia pura e dura, aunque diga o contrario

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Que si total que máis da votar a favor que en contra, que nos dá igual a todos, dá igual; eu non sei se vostede ten familia pensionista, nós témola, eu creo que a ten todo o mundo; eu non sei se haberá algún galego que non a teña, bueno, y lle dá igual votar a favor dunha cuestión que é , primeiro: que se lle devolva o diñeiro, pero por que non, e logo, cando se aplicou en este País leis con carácter retroactivo, desde cando, e por que, esta Lei

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero usted pensa que o van a facer, sabe positivamente que non

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Si, si, si, esta Lei é do Partido socialista, eu ben o sabía antes de empezar a falar, ben o sei, pero quen a aplica, e quen aplica o punto C, é o Partido Popular, ¿por que non se aplicou?¿por que non se acordaron antes dela?, en Madrid, ¿por que se fai agora?, no, claro, entón pregúntese por que, y encima agora dice vostede que non vaga a pena

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver, si fixeron a Lei por que non a aplicaron antes, porque ás leis son para aplicar ¿verdad?

**O sr. Fírvida toma a palabra:** O punto C, o punto C e que ¿alguén entende?, “cuando el pagador”, porque está en Español, “cuando el pagador de los rendimientos del trabajo no esté obligado a retener de acuerdo con lo previsto reglamentariamente”, pero vostede sabe que os países de donde veñen as pensións, non lle mandaban ningún tipo de requerimento, nin certificación ós pensionistas, y polo tanto non o sabían, claro, pero esto aplícase con, no, ás leis aplícanse como se queren aplicar, quen fai lei, fai a trampa, porque é tan fácil como dicir, senón houbo requerimento previo non se pode aplicar, ¡ah!, 2013, a partir de mañá vamos pagar os pensionistas, bueno, pois pagaremos os pensionistas, pero que se aplique con cinco anos de atrás, con multas, con sancións, que non se queira asesorar, vote vostede o que lle dea a gana, agora non nos veña dicir, a nós, que somos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos votar con coherencia, non o que nos dea a gana

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pois o que queiran, o que lles pete, pero non nos veña a recordar que esto non vale para nada, que da igual, que no se que

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non, que da igual non,



**O sr. Fírvida toma a palabra:** González Jácome, igual, igual

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale, vale, vale

**O sr. Fírvida toma a palabra:** E trasladar á Xunta de Galicia, que, que ¡non! se lle cobre ós pensionistas galegos, hasta que estes teñan plena notificación, e non se lles trate como delincuentes fiscais, eh, que non se lles trate como delincuentes, por non ter tributado por algo, polo que non tiñan tido requerimento por parte da Axencia Tributaria, é máis

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É a Axencia Tributaria quen lles cobra, non é a Xunta de Galicia, hombre

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Había pensionistas que facían a declaración na Axencia Tributaria y o funcionario de turno non llo mandaba tributar, non llo mandaba tributar, non o sabían nin os funcionarios

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, eso eu non o sei

**O sr. Fírvida toma a palabra:** No, pero dígollo eu, pero dígollo eu

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vale

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Entonces claro, encima hai que escoitalas, vamos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, vamos a ver

**A sra. Morenza toma a palabras:** Eu solo podo decir, hipocresía, hipocresía, hipocresía, vostede abusa da palabra demagogia, pero eu dígolle que vostede é hipócrita

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, si, si

**A sra. Morenza toma a palabra:** Hipócrita, e agora ven e dice, xa lle cobraron, agora que podemos facer, xa lle cobraron. Mire durante anos non se executou, non se aplicou a Lei, y durante anos non se informou, e agora veñen vostedes ca gadaña, co rodillo, e agora dicen, xa lle cobraron, ós pensionistas, ¡bah!, poden ben, e que se están rindo dos xubilados, dos xubilados deste Concello, señor Alcalde,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nadie dixo eso, non transgiverse, hipócrita é usted que está dicindo o contrario do que pensa

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non afoguen ós pensionistas, vostedes xa os afogan noutras cuestións que xa falaremos despois, vostede afoga ós pensionistas deste Concello, hipocresía

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, vale, vamos a ver, vamos a someter a votación y vou aclarar o sentido do voto, nós somos conscientes que esto non é competencia deste Ayuntamiento, y o votar a favor ou votar en contra, e facerlle ilusións a alguen que sabemos de antemán que non se vai poder



facer nada, entónces, como non queremos ser demagogos, nós vamos votar en contra desta moción, así de sencillo, vale.

Votos a favor da moción, votos a favor, votos en contra, aclarado o voto.

Sen máis sométese o asunto a votación, resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE a seguinte moción: **“Moción do BNG de apoio ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros”**

### **9- MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE TOMEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUMES E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA OS INCENDIOS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os incendios forestais son froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización da Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural.

A política forestal e agrogandeira do PP non só é destrutiva coas potencialidades do agro galego, ao expandir a desertización e abandono de amplas zonas do territorio e tamén permitir a introdución de masas forestais con especies pirófitas (como o piñeiro e o eucalipto) en zonas próximas aos asentamentos de poboación, senón que ademais contribúe a alimentar os factores que propician os incendios forestais.

Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos a subvencionar o abandono da actividade agraria, co que moitas comarcas do país ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, sen un mínimo cultivo e propiciando con iso a propagación explosiva de incendios forestais. O mapa das zonas máis afectadas polos incendios dá proba diso, a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país.

O actual Goberno galego acometeu medidas que agravaron a desprotección do territorio e das persoas ante a ameaza dos incendios forestais.



Por unha banda promoveu medidas legislativas consistentes na eliminación ou redución considerábel das distancias de separación das plantacións forestais aos núcleos rurais, na autorización de novo das plantacións de masas continuas de especies pirófitas, na supresión de faixas de especies frondosas que actuaban de corta lumes, ou na eliminación de medidas que pretendían implicar á poboación na xestión e defensa do monte, como son a desaparición do voluntariado do monte ou das axudas para brigadas de prevención das propias comunidades de montes, entre outras.

Por outra banda, os recortes indiscriminados aplicados polo PP desde 2009 tamén afectan de cheo a un dispositivo de emerxencias e seguridade, como é o da loita contra o lume, que retornou a un nivel de recursos similar ao de hai unha década, agravado por unha nefasta xestión administrativa que demorou o seu desenvolvemento até moi avanzada a época de alto risco, así como a case total eliminación de actuacións preventivas básicas, e finalmente, retomou un modelo de dispositivo fracasado, co regreso de brigadas municipais, sen unhas mínimas esixencias profesionais e que favorecen a fragmentación do mando único do dispositivo.

O monte volve estar desprotexido, o PP teima en políticas que arredan a poboación do rural da xestión e a implicación vital e económica co monte, e que favorecen un modelo produtivo intensivo sen ter en conta unha mínima ordenación dos cultivos. Como resultado, hai máis combustíbel nos montes e terras de cultivo que nunca, hai máis perigo preto de núcleos poboados polo abandono fomentado das terras agrarias que circundan os núcleos de poboación e mesmo por conceder de novo axudas públicas á forestación de terras agrarias a menor distancia dos asentamentos rurais.

Á vista disto, non cabe parapetarse exclusivamente no proceder delitivo de pirómanos e incendiarios. A investigación e persecución dos autores dos incendios é inescusábel e tamén prioritaria, mais tamén o son a adopción de políticas e medidas que preveñan e minimicen os efectos dos incendios forestais. A política contra os lumes forestais dos gobernos do PP baséase exclusivamente en apagar lumes, mesmo de xeito deficiente dadas as restricións orzamentarias aplicadas aos servizos de extinción, tamén a custa dunha falsa austeridade que se emprega para afogar o financiamento de servizos públicos básicos ao tempo que se prodiga en rescatar con fondos públicos á banca. Non hai política forestal preventiva, planificación de cultivos, ordenación territorial, colaboración coa veciñanza do medio rural para vixiar e protexer o monte, hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de orde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza. Por todo o dito, propomos ao Pleno a adopción dos seguintes



### ACORDOS

1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

2º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.

Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.

Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.

A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despregar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)

Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.

Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.



Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviaís e marítimos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos a seguinte moción, que é do BNG tamén sobre a necesidade de paliar os danos causados pola vaga de lumes. Ten a palabra o seu voceiro.

**O sr. Núñez toma a palabra (BNG):** Ben, vou proceder á defensa da moción, polo visto parece xa que na Comisión Informativa, faláron de que en relativo a estas cuestións, traíamos temas que, que non era de índole exclusivamente municipal, é dicir, que da exactamente igual que sean de índole municipal, nin de autonómico, nin de nacional, nós si lle falamos de que efectivamente hai farolas escachadas, non hai beirarrúas, está todo abandonado, hai parques cheos de colchós, está todo, bancos amarrados con alambres, y non o fan, que é o seu cometido máis diario, no do día a día, xa que van a falar de que se dirixan á Xunta, para que cambien o Plan Pladiga, ou que melloren, ou que fagan medidas contra o lume, evidentemente non o van a facer.

Ben, o PP da Xunta de Galiza no seu compartimento sectorio, en relación a estes temas dos incendios forestais, amosan como único interese no monte, que é o de favorecer ás empresas forestais, as grandes empresas forestais. Desbancaron todo o que anterior goberno puxera por riba da mesa, o anterior goberno de coalición PSOE-BNG, neste caso era unha Consellería nosa, despois de, o dispositivo que despois do ano 2006, estaba empezando a dar froitos, evidentemente vostedes destrozárono porque son así, porque son, demostran o seu comportamento sectorio como digo. Aprobán unha lei de montes, exclusivamente con unha abocación exclusivamente forestalista, esquecéndose doutros usos do monte, sobre todo de integrar a política forestal co desenvolvemento rural e agrario, é dicir, o mundo rural non se pode entender, soamente agrario e rural, non se pode entender sin o monte, ten que ser todo un conxunto algo vostedes evidentemente obvian, porque non lles interesa, é dicir, interésalle que se despobe, que se despobe cada vez máis, o medio rural que desaparezca todo y despois algún día que arda todo, porque evidentemente como todo queda a monte, todo arderá evidentemente. Cuando o BNG estuvo no Goberno, efectivamente levou servizos públicos onde vostedes non o farían nunca, para evitar que evidentemente esto, evitar que a xente tivera servizos no rural y evitar este despoboamento que evidentemente sigue esmorecendo causas políticas. Vostedes gastáronos nos gobernos Populares autonómicos, inxentes cantidades de diñeiro en subvencionar o abandono da actividade agraria, para que evidentemente todo quedara ó monte y todo esmorecera, que é o seu cometido específico, y hoxe siguen evidentemente dando diñeiro público á banca para, para que todo para que el sistema económico se manteña a costa de esnaquizar todo o que



existe. Mire o BNG facía cuestións de índole, voulle comentar así cuestións moi específicas: no Macizo Central poño por caso en colaboración cos gandeiros, se puñan en marcha mecanismos como roturar, roturar o monte para que nacera herba e os gandeiros tiveran pasto fresco donde pastoreas as súas vacas, ou cas súas ovellas, cas súas cabras, etc, eso vostedes xa o sacaron de encima, y négase, recortan todo esto absolutamente, porque non interesan, y evidentemente eu non vou a dar eiquí a desmenuzar os, vamos a ver, o por que arde o monte, arde o monte, por moitas e moitas cuestións, pero unha de estas se estaba pondo en marcha, se estaba intentando erradicar con estas políticas que vostedes de feito vostedes romperon. Bueno a falta de prevención, da protección dos núcleos, algo que vostedes na Lei, na modificación da Lei, fixeron, é dicir, había unhos núcleos perimetrais de protección con respecto ás aldeas, con respecto ós núcleos de protección que había que ter limpas, vostedes reduciron esto para que o lume evidentemente se meta nas portas das casas, que é o que está pasando no rural. Dicir que siguen gastando máis de cen millóns ó ano en apagar lumes y siguen ardendo miles e miles de hectáreas, é dicir, hai que cambiar os tipos de políticas, evidentemente o monte pode arder igual, pero vai a arder de xeito distinto si se incrementan labores de protección, labores de vixilancia, labores de desbroces, cuando os hai que facer, etc, etc, e non no mes de agosto, como están facendo agora. Bueno si falamos do tema das brigadas municipais, que veñen agora de retomar, de pór en marcha, que era algo que evidentemente estaba descartado, fora algo que evidentemente fora constatado, que eran ineficaces, volven a retomar as brigadas municipais. O traballo das brigadas municipais inexpertas, principal novidade do Plan Pladiga 2013, que ven de recrear digamos o PP, fai que por exemplo en Xinzo que lle arderan cinco mangueras a brigadistas municipais, porque non hai experiencia ninguna, entonces claro, da lo mesmo, acabamos de aí, nos fan un contratín aparecemos no monte y non ardemos nós porque non cuadra, esta, esa é a súa política, non, cuando o que había que tender evidentemente era a profesionalización do sistema, algo que o BNG puxera en marcha coa creación de SEAGA, etc, etc, é dicir, levar ó monte a xente perfectamente preparada y capacitada para facer un traballo y non levalos, vendelos, tiralos ó monte, que é o que fan vostedes, por exemplo en Arnoia seica se dedican a fritir pementos, os da, os das brigadas estas, é dicir, es que esto é o mundo todo ó revés. En Melón, montan e desmontan ximnacios, é dicir, non fan nada para o que son contratados, fan o que se lle ocorre ó alcaldito de turno ¿entendes?. Bueno, entonces é dicir eu o que reitero eso, a profesionalización que eran as brigadas de SEAGA, de carácter comarcal, que evidentemente servían para salir dentro da comarca donde fixera falta, algo que vostedes van no camiño de seguir anulando ¿de acordo?. Decía un amigo meu de Cartelle con respecto





a estas novas contratacións que hai evidentemente reducen, recortan y quedan os servicios, as brigadas reducidas á mínima expresión que non veña o lume este ano por aquí, porque non hai que apague unha palla, é dicir, evidentemente por Cartelle non sei si foi, pero realmente por donde foi, foi absolutamente demoledor y desastroso, é dicir, si falamos en Concellos, como foi por exemplo no incendio de Cualedro, no incendio que pasou a Monterrey, que despois pasou a Portugal, dicía a xente de alí, ardeu ata cando quixo, non porque ninguén o apagara, ardeu hasta que chegou pois os patios dos colexios, de Medeiro, doutras parroquias, foi absolutamente un desastre absoluto, é dicir, porque, porque non hai medios, é dicir, porque os medios son os que hai, y ustedes os reducen ano tras ano. Mire, eu vou falar un pouco destas cuestiós, porque bueno, é dicir, eu recordo en algunha, en algún cometido cuando se vía xente que viñan bombeiros profesionais, que a veces ao millor a administración tuvo a obriga de contratar, y eran xente doutro calibre, eran xente que viñan, chegaban o monte, sabían ó que viñan, é dicir, y vostedes están criminalizando, vostedes están pondo en perigo a vida de esta xente, é dicir, eu recordo cometidos de xente desta que chegaban ó monte e tiñan que soltar unha manguera y é que non tiñan nin medios físicos nin nada para facelo, porque non é xente preparada, por y para, é dicir, que hai que atender evidentemente a outro tipo de cuestión ¿de acordo?. Desfixeron vostedes os GRUMIR, para crear os grupos de emerxencias supramunicipais, pero só no papel, porque aínda non están operativos y os que están empezaron o trece de agosto, é dicir, crean unhos medios que é para chegar e bicar o santo, porque xa en plena temporada altísima, é dicir, no medio de agosto, é dicir, trescentas sesenta e seis personas sin experiencia algunha en primeira línea, primeira línea de playa, é dicir, é que esto é unha aberración absoluta, é dicir, leva a xente ó monte sin ter experiencia ningunha nin preparación algunha. Bueno, outras das críticas que fan tamén, que fai o BNG y que reiteran os técnicos forestais e que vostedes inclúen no operativo da Xunta, pois os parques municipais e comarcais de bombeiros, é dicir, que poden saber moito de lumes urbanos, pero non de lumes no monte, para lumes no monte hai que levar xente que esté capacitada e teña unha experiencia ¿de acordo?; hai brigadas que saen ó monte con dous ou tres traballadores, evidentemente pondo en perigo esta cuestión. Denúnciase pois a necesidade da existencia de un mando único, en relación coa extinción de incendios

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa o hai eso

**O sr. Núñez toma a palabra:** Si, aquí hai brigadas de todo tipo, mire, hai brigadas municipais que están de man do alcalde, hai brigadas de SEAGA, que terán un técnico de SEAGA ó cargo, as brigadas da Xunta por un lado, donde non, donde os concellos non tiveron a posibilidade ou non



quixeron contratar as brigadas, a Xunta contratou empresa, traballadores de TRAGSA para suplir estas brigadas municipais inexistentes, donde está o mando único

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai un mando único, que desde a Xunta coordínase

**O sr. Núñez toma a palabra:** Si, mando único, pero non é operativo porque hai cuarenta empresas traballando no monte, cada unha por libre.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Saben donde está en cada momento cada brigada

**O sr. Núñez toma a palabra:** Si, saben, saben

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai mando único, dígollo eu, porque o sei

**O sr. Núñez toma a palabra:** Mando único hai, pero es que, es que, no es normal, é que todo o que fai; mire, por exemplo en agosto contratar a esta xente, para desbrozar en agosto, a limpeza e a prevención, hai que facela antes do verán, primavera, eu sei que algúns de vostedes, dicen que non porque despois volve nacer herba, bueno, evidentemente que nazca o que sea, pero a limpeza hai que facela no inverno, e na primavera, non hai que facela no verán, no trinta de, a mediados de agosto ¿entendes?, e si non que llo digan ó xefe da brigada municipal de Xunqueira de Ambía, que está imputado pola Guardia Civil por ocasionar un incendio, por saltar chispas, porque estaban limpando, desbrozando en pleno mes de agosto, ás tres da tarde, e que eso non se lle ocorre nin a quen asou a manteca, é dicir, pero esta é a política desta xente ¿entendes?, é dicir, contratar a xente por dous tres meses y polos a limpar. Ben, cómpre desde logo impulsar medidas que tendan a unha reordenación do territorio, na liña do que se pretendía, do que pretendeu o BNG no seu momento, véxase por exemplo o banco de terras ¿eh?, as UXFOR, os convenios de colaboración cos concellos, para facer estas limpas perimetrais que vostedes anularon, entonces, bueno, vostedes deixaron evidentemente todo a monte, para pór en valor o noso medio e evitando a reforestación de terras agrarias, medidas que o actual goberno se encargou de sacar do mapa. Cómpre crear un novo plan forestal que contemple os montes como algo máis que suministradores de madeira barata, para triturar ou queimar, que limite a extensión de especies pirófitas y alóctonas e que promova unha silvicultura preventiva e sustentabel. Hai que ver o monte como algo que nos pode y nos debe dar de comer y non algo que temos que esquecer aí, hasta que algún lle de por meterlle e prenderlle cun chisqueiro. Si falamos a nivel de información que pode manexar, que manexa a Xunta de Galicia, é dicir, agachan a información na TVG y nos medios que poden, dun xeito absolutamente escandaloso, é dicir, o que non sae nos medios, sobre todo na televisión, é porque non existe, entonces, é dicir, ardeu miles e miles de hectáreas neste País y no hai una imagen de una llama en la TVG, é dicir, é que non hai unha, no se



ve, é unha cousa escandalosa, é dicir, fan un boicot como si estiveran aí cuarenta ou cincuenta anos, efectivamente igual. Ben y cuando falan de política de comunicación, pois evidentemente minten, evidentemente máis que falan. Mire vou facer un pequeno inciso y vou ir rematando. Mire, por exemplo no Goberno Vasco, y esto é un camiño que eu entendo que había que ir seguindo, no Goberno Vasco, na Comunidade, no País Vasco, os medios de extinción, véxase aeronaves, son propiedade do Goberno Vasco, é dicir, fixeron un esforzo durante moitos anos en facerse con este medios, aquí non, aquí é todo alugado, entón eu non vou dar aquí máis pistas, pero evidentemente si hai intereses, pode y debe haber lume, neste camiño tíñamos que continuar, entende, de intentar erradicar este tipo de cuestiós. O contrato dos helicópteros é súper negociable, só para o alquiler nos meses de verán no ano 2013 e 2014, doce con tres millós de euros, e por riba pódese dicir que llo deron a dedo, por procedemento negociado sen publicidade, é dicir, ós seus amigos, é dicir, este non é o camiño, señor Freire. Vostede diríxase a Santiago se quere, comente o que dixo aquí un Concelleiro do BNG ou non o faga, faga o que queira

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non, pero si eu estou de acordo co que dixo, pero o problema, o problema é que ustedes estiveron gobernando e tampouco puideron solucionalo y tiveron máis incendios que ninguén

**O sr. Núñez toma a palabra:** Mire nós cando estuvemos no Goberno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Coidado ¿eh?, o dos incendios é un arma, un arma moi difícil, un arma arrojadiza complicada para todos

**O sr. Núñez toma a palabra:** Fíxose evidentemente o que se puido, pero o camiño, o camiño era este, pero o que pasa é que tuvemos os anos que tuvemos y nos deu tempo do que nos deu tempo de facer, pero evidentemente moitas das cuestiós que se fixeron encima da mesa para reducir o impacto do lumes y para pór en valor o medio rural, vostedes destrozáronas, lles acabo de dicir ¿vale?, lles acabo de pór encima da mesa; entón, bueno remato, incrementar os esforzos e investimentos en prevención, que deberían ser superiores ós de extinción, labores de prevención e vixilancia, loita contra o lume, rexeneración, rexeneración do monte, é dicir, no seu día había agrupaciós de voluntarios de vixilancia, que tamén desapareceron co seu goberno, é dicir, había unha serie de cuestiós que evidentemente pois facían que o monte estiveran pois máis protexido, y bueno, remato dicindo, simplemente con cuestiós así de índole máis de índole local, tomando exemplos que xa noutras ocasións teño posto encima da mesa, noutros concellos donde podemos tomar medidas exemplares, ou medidas que puidéramos plagiar para aquí, pero non lle interesa, a reintrodución de gando do medio



rural, que eso ten que ser no monte, por exemplo o Monte de Penama en Allaríz, con vacas de razas autóctonas, é dicir, os rebaños de gando no Rexo, con ovellas con produción de queixo, é dicir, este tipo de cuestiós aquí non, porque aquí non interesa, nin se negocia con unha comunidade de montes, non se fai absolutamente nada

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai eses prados eiquí, por desgracia

**O sr. Núñez toma a palabra:** Bueno, non nos hai, pero si houbera interés, poderíase facer cousas negociables coas comunidades de montes, y facendo pequenas cousiñas, pero bueno aquí, pois non hai interés, aquí hai interés en levantar edificios y en cobrar, e o que teñen vostedes interés. Y con respecto á limpeza dos núcleos perimetrais de poboación pois tamén é o mesmo, é dicir, sigue habendo parroquias, pois véxase Loiro, véxase Santa Uxía, que non lle chisquen abaixo pola autovía, porque eso Ave María, é dicir, chegan as silveiras ás casas, pero como son oitos veciños, pois supoño que dará igual que arda todo y que desaparezca todo, pois simplemente eu remato xa coa miña intervención, facendo lectura dos acordos da moción y remato:

Dirixirse á Xunta de Galiza e revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción. Dirixirse a Xunta para que implemente as medidas precisas para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e pór en valor unha nova política con eixos coma unha nova política forestal, ordenada a reordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con especies agrarias, y aproveitamentos económicos dos nosos montes. Un impulso dunha política preventiva contra os incendios, eliminando incentivos á reforestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas para unha limpeza da biomasa. Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva. Política de intervención no medio rural, reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento. A renuncia á política de recortes orzamentarios dos servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer un dispositivo axeitado no monte. Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes, como dixen y por último, solicitar da Xunta en colaboración co Goberno central, que poña en marcha axudas para paliar os danos ocasionados nos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:



Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas. Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas. Reparación de vivendas e construcións auxiliares, e actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos, que sucede sempre que arde e cuando arde como ardeu aquí e esas medidas hai que acometelas xa ou antes, si queren facelas antes de que chegue o outono, pero evidentemente. Bueno, remato con isto

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do PSOE, espero que non reproduza outra vez outra hora e media o da, a moción, porque senón, agora contrólolle o tempo, porque e que senón, estamos desbarrando demasiado, e chega un momento que. Bien, esa costumbre que pretendíamos erradicar ó final non se erradica, é dicir, hai que reproducir a moción, sea dun lado ou sea doutro, porque senón non quedamos tranquilos, a moción é do ca presenta debe defendela, e ustedede de algunha maneira matizala, pero non volver á mesma. Venga, ten a palabra.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Xa iría na metade da moción, sin esta interrupción que vostede causou aí. Resulta evidente que a política forestal desenvolta pola Xunta de Galicia é un auténtico fiasco; a moción do BNG, fai unha semblanza moi nídea das consecuencias destas políticas. Desde o Grupo Socialista de Barbadás, temos claro que o goberno de Feijóo abandonou as súas obrigas co monte galego, unha prioridade absoluta para toda a nosa sociedade, en aras dos recortes económicos e da diminución do déficit. A Xunta de Galicia leva anos, desde que entrou Feijóo, privatizando o servizo de loita contra os lumes no monte, de xeito que cada vez máis hai máis empresas, que fan negocio con esta grave lacra. Vostedes, Goberno do Partido Popular, en lugar de potenciar a coordinación, apostan pola municipalización, o lume non entende de límites, señor Freire, o lume non entende de límites, e estas políticas sin embargo, favorecen precisamente políticas de precarización de emprego, de pouca forza de xeneralización e ademais, fomenta o caciquismo desos concellos no emprego. Eso é polo que vostedes apostan en lugar por solventar unha lacra da cidadanía galega, do monte galego. A administración económica ten sin cubrir na provincia de Ourense ó redor de sesenta postos de traballo, do operativo antilumes, isto supón que os traballadores teñan xornadas laborais máis longas, o que repercute na eficacia do servizo, sinalar que tamén suprimiron, creo lembrar, ó redor de quince torretas de vixilancia. Resulta evidente que a privatización implica a redución de gastos, e tamén por suposto de investimentos, pero ademais hai que destacar que a Xunta está realizando unha política totalmente incoherente, como pon en evidencia o feito de que este ano a administración autonómica retivo as axudas para limpar os montes, sin dar ningunha explicación,



aínda a semana pasada, o señor Feijóo non soupo explicar por que estaban retidas esas axudas para a limpeza do montes ¿eso é ser coherentes? ¿eso é facer política a favor do monte galego?, pois tería que convir comigo que non. Temos que decir que en Galicia hai concellos que non arden, elo debe a súa xestión na ordenación forestal, hai concellos que apostan polo mantemento do montes, en combinación con explotacións gandeiras, que permite a explotación racional da masa forestal, fomentando a súa conservación, e incluso, apostando, aportando beneficios á veciñanza. No Grupo Municipal Socialista, consideramos que as diversas políticas de Feijóo neste eido son erróneas, e polo tanto cremos que chegou o momento dunha urxente rectificación; temos que ser conscientes de que é imprescindible unha xestión pública, do sector forestal galego. A moción do BNG, é unha proposta en positivo, que pon enriba da mesa unha serie de cambios nas políticas forestais que con certeza contribuirían a paliar a situación actual e serviría para sentar as bases estables para o monte galego. Subscribimos na súa integridade a moción do BNG como non podía ser doutro xeito ademais.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver, non, por supuesto coincidindo en nada na exposición de motivos que fixo o PSOE, en parte ca exposición de motivos co BNG, pero si podemos coincidir nas conclusións, nos puntos de acordo que usted propón, porque os puntos de acordo, a verdade e que si son asumibles, non ten nada que nós non digamos que si. Entonces como o que se vota son as conclusións, eso por un lado, nós vamos a votar a favor porque entendemos que o que dice aquí non é nada incoherente, agora o motivo de chegar aí si que ten demagogia pura e dura, non digamos no PSOE. En todo caso dicirlle, que a política forestal, e sobre todo de contratación das brigadas, foi consensuada ca FEGAMP, na cual ustedes ambos teñen representación y teñen algún alcalde importante, creo que o de Allaríz é un diles, e o do Barco é outro y eso se consensuou con eles, incluso o de facer as brigadas que se fixeron iste ano, o que quixo facelas a nivel municipal, foi unha reivindicación que parece tiñan moitos concellos y na FEGAMP foi onde se negociou ese tema, ise y outros máis. Y decir con relación ó de Cartelle, que é unha persona, non sei si é a persona que eu penso ou non, o que foi delegado, ben que é unha persoa que aprecio e que o valoro, que eu cuando, bien, bien, pero voulle falar eu, cuando estubo de delegado de agricultura, eu a verdade, tiña posto esperanzas nil, porque cando estábamos na Deputación, non sei si estaba, non, pois concejala do PSOE non estaba, bueno, pois, facía alí unha serie de exposicións, que a min me parecían coherentes, o de facer, o de delimitar donde se pode plantar árboles donde se pode plantar, facer unha ordenación do rural nunha palabra, como se fai un plan urbanístico, facer un plan, un plan de ordenación rural de todo Galicia, bueno, cousas coherentes e moi interesantes, que eu penso que podían ser útiles, pero a verdade e que pasaron polo goberno e



non fixeron absolutamente nada de eso, unha cousa son as boas intencións e outra cousa son o que se fai despois, é dicir, non sei por que, non sería factible facelo naquel momento, aínda coído que está en vigor esa idea que é boa, que non se poden plantar piñeiros, á beira de onde hai cepas, por exemplo, por decir algo, ou terras de cultivo, vostedes non o fixeron, a ordenación do medio rural, neste momento aínda non se fixo tampouco, a Conselleira nós estivemos esos días en Carballiño con ela, e dixo que era unha asignatura que tiña pendente, e que pensaba levar a cabo y outras máis medidas, é máis eu entendo que temos en este momento unha Conselleira, independentemente de que ustedes non a concocen, eu tampouco a conocía a fondo, teño tido ultimamente contacto con ela, me parece que ten un interés moi especial no tema agrario como é lógico, un tema especial polo rural, y que a ilusión que ten desde logo é valorable, porque eu sei ilusión podes ter moita, o malo é despois podela levala a cabo, porque os lindes que temos neste momento no campo, son os que son, y en moitos sitios, sobre todo na provincia de Ourense, pois por desgracia solo quedan personas maiores, non é fácil levar a cabo políticas de innovación, eiquí José Antonio podía falar moito de eso que está nunha zona importante como é Xinzo, y unha das máis importante desde o punto de vista agrícola de Galicia, y está habendo ese problema que é o envellecemento do rural, iso por un lado, y por outro lado, pois por desgracia a política do lume que temos en Galicia, ustedes o dixeron, eu aí tamén comparto que o lume, y como se dixo sempre o monte non arde solo, alguien lle planta, hai moitos intereses non solo son os dos helicópteros, non solo son os das brigadas, hai moitos máis, evidentemente tódolos sabemos, hai algunhos fortuítos, os menos, os menos, pero mientras non cambiemos a mentalidad tamén un pouco nós os gallegos, por intentar pois darlle outra, outra orientación ó que é o monte y o que é os incendios, pois a verdad é que eu non son moi optimista de cara ó futuro porque, lógicamente parte da culpa tamén a temos os veciños, parte, non quere decir que lle vote a culpa, baixo ningún concepto, pero, o abandono é generalizado, y lógicamente, pois chegou o momento que pasa o que pasa, entonces nós podémoslle votar a favor, as conclusións son genéricas, eu non lle vexo porque non lle vamos a exigir á Xunta todo esto que usted dice, entonces, nós vámoslle votar a favor ¿vale?

**O sr. Núñez toma a palabra:** Bueno, mire, vamos a ver, dice que se consensuou ca FEGAMP as contratacións das brigadas, mire eu non sei si eso foi realmente certo ou non, agora o que lle podó decir é, que o BNG estubo y porque o fixo, está en contra das brigadas municipais, polo tanto non puido haber un consenso como tal, porque o que fixo foi desde o ano 2006 que chegou á Consellería de Medio Rural, erradicar as brigadas municipais, para constituír unha empresa pública SEAGA, para facer desbroces, para facer limpas y para ter xente profesional no monte, y non ter xente amigos seus,



no alto dunha pick-up, tal, facendo experimentos ca gaseosa, é dicir, eso erradicouno o BNG, y polo tanto non me diga que se consensuou, con ningún dos nosos porque non é certo. Con respecto á reordenación do territorio, evidentemente eso é algo que vai nos motivos da moción, algo que sempre dixó y puxo encima da mesa o BNG y que nunca se fixo, nunca se fixo, vamos a ver, o BNG estivo cuatro anos no goberno, vostedes levan, desde que, no se, centos de anos, aí ¿cuantos anos levan vostedes no goberno?,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non lle votei a conta, nós vinteseis

**O sr. Núñez toma a palabra:** Vostedes vinteseis, e de atrás si contamos, ducias e ducias de anos, é dicir, estivo sempre a dereita, sempre o fascismo no goberno, así que, levan sempre

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero ustedes tuvieron tempo de facelo e non o fixeron

**O sr. Núñez toma a palabra:** Si, si, nós en cuatro anos, mire en cuatro anos saben o que se fixo, por exemplo, pois mire, a creación de SEAGA, que lle acabo de dicir, unha empresa pública para facer limpas, para ter xente profesional no monte, que vostedes se encargaron de reducir, pois mire, por exemplo de mil setecentos que había contratados a quinientos que traballaron este ano en SEAGA, os que non teñen máis remedio que tal, sinón do resto borrarían absolutamente do mapa, creoue ás UXFOR, as unidades de xestión forestal,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tamén a Xunta acaba de aprobar unha Lei para a explotación dos montes, recentemente

**O sr. Núñez toma a palabra:** Ben, ben, esto se encargaron vostedes, que era para pór en valor o monte, para delimitar parcelas de explotación tamén do sector forestal, para facer viais dentro, é dicir, esto todo tamén o sacaron de encima; o banco de terras, algo que se puxo, que puxo encima da mesa o BNG y que se empezou a traballar con el no goberno,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non se eliminou o banco de terras

**O sr. Núñez toma a palabra:** Non, non, se eliminou pero

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaise potenciar eso, según a Conselleira, para nada

**O sr. Núñez toma a palabra:** Simplemente que deixaron, sinon hai orzamentos nin para facer unha cousa nin para facer nada, pois

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É máis anticipolle o que dixó a Conselleira, sobre todo nas terras concentradas, que o que teña concentración e teña sin cultivar a parcela, ou a mete no banco da terra, ou a cultiva ou vai ter un impuesto, un alto impuesto para poder financiar a limpeza





**O sr. Núñez toma a palabra:** Vostedes abandonaron todo, porque son unhos sectarios, todo cuanta política puxo encima da mesa o BNG, para pór en valor o rural neste País, y bueno, dicen que o rural que vai a morrer. Vamos a ver, vostedes subvencionaron durante ducias de anos o abandono do sector agrario, subvencionaron esto con políticas públicas, entonces vostedes sempre quixeron

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós non, foi Europa, perdón

**O sr. Núñez toma a palabra:** No, no

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Europa fixo eso, por desgracia

**O sr. Núñez toma a palabra:** Foron vostedes no goberno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós, non

**O sr. Núñez toma a palabra:** Sempre o abandono absoluto do rural, para que morra, entón evidentemente, si cas políticas que pon enriba da mesa o Partido Popular o rural claro, é decir, o que había que facer era ó revés, reodenar o territorio, mandar recursos ó rural, e facer xestión para que o rural vaia para adiante y non perda poboación, algo que nunca na vida fixeron vostedes nin van a facer, porque non lles interesa o mundo rural ¿vostedes lles interesa?, punto

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas gracias

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Vou ser brevísimo, brevísimo. O exemplo do tipo de política medioambiental e forestal que vostedes queren levar adiante neste País, e neste País neste caso falo non só de Galicia, sinón que tamén falo de España, e a idea que agora mesmo teñen en mente, que é a de facer negocio cos parques nacionais, empezar a abrir os parques nacionais, para instalar alí negocio, esa é a súa idea do

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eso é o que usted dice

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** No, no, eso é o que ten en mente o Partido Popular, e xa o veremos, xa o veremos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, pues eu entendo que vamos a votar todos a favor da moción, porque as conclusións son convincentes, non pola exposición de motivos, que conste, pero como o que se vota é eso. Unanimidad

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte moción:

***“Moción do BNG para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra os incendios:***

**1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente**



as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

**2º.-** Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

**Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.**

**O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.**

**Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.**

**Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.**

**A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despreparar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.**

**Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.**

**3º.-** Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

**Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)**

**Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.**

**Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.**

**Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos.**



### **10- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA QUE A XUNTA POÑA EN MARCHA A PRIMEIRA FASE DO TRANSPORTE METROPOLITANO, QUE O CONCELLO BUSQUE UNHA SOLUCIÓN PROVISIONAL PARA SUBVENCIONAR O TRANSPORTE A TÓDOLOS VECIÑOS DO CONCELLO E NON SÓ ÓS DA VALENZÁ**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O transporte de viaxeiros é unha das asignaturas pendentes dos sucesivos gobernos do PP en Barbadás. Freire non conseguiu durante un cuarto de século buscar unha solución digna para facilitar os desprazamentos dos cidadáns.

Aínda lembramos con vergoña cando o señor Freire Couto despilfarrou diñeiro público para mercar un microbús que non subía as pendentes e que, sen ser utilizado de forma proveitosa máis cá pasearse coma un caudillo pola Valenzá, foi vendido por moito menos diñeiro do que custou ó cabo duns anos. Non podemos esquecer tampouco cando o alcalde de Barbadás tomou a incompreensible e salomónica decisión de suprimir o transporte público gratuito ós centros médicos, abandoando así a un dos sectores de poboación que teñen máis dificultade de mobilidade, os maiores.

En cuestión de transporte son moitas máis as discriminacións que se establecen dende a Alcaldía entre os veciños dos diferentes núcleos de poboación. Pero a máis abraiante, por manterse no tempo e por supor unha clara preferencia hacia uns veciños en detrimento do resto, é a subvención do Concello para o transporte ós residentes na Valenzá ano tras ano.

A veciñanza do rural vese así unha vez máis discriminada. Hai que ter en conta que son as persoas que viven nos pobos os que teñen maiores dificultades para moverse debido a que os horarios do transporte regular non se adaptan en moitos casos ás necesidades dos/as veciños/as. Hai que ter en conta ademais que son unha vez máis os maiores os que máis utilizan o transporte en autobús para levar a cabo actividades cotiás como acudir a consultas médicas, facer a compra ou xestións bancarias, entre outras.

Pero son estes veciñ@s do rural os que padecen dende hai ano as consecuencias negativas dunha pésima planificación dos xestores públicos.

O Partido Socialista xa ten alertado en numerosas ocasións sobre a necesidade actuar neste ámbito para pór fin ás desigualdades que en cuestión de mobilidade existen no municipio de Barbadás.



Sen embargo a realidade é que un veciño de Loiro ou Bentraces paga por desprazarse a Ourense 1,45 euros e un cidadán de Parada ou Piñor aboa 1,35 € como prezos únicos. Non se benefician de ningún tipo de bonificación e as frecuencias son escasas, en moitos casos incluso co transporte metropolitano. Resulta intolerable que nun dos concellos máis importantes da provincia se produzan en pleno século XXI este tipo de discriminacións entre veciños. Non acabamos de entender cómo en tantos anos de goberno o señor Freire non se molestou en tratar de buscar unha solución para a mobilidade da veciñanza que iguale e non discrimine.

O transporte subvencionado supón que as persoas que viven e viaxan dende A Valenzá a Ourense teñen a posibilidade de mercar uns bonos de 10 viaxes, que teñen un custe de 7 euros, mentras que ós estudantes cústalles 4 euros. Namentres no rural nin a poboación en xeral nin os estudantes nin os pensionistas teñen esta posibilidade. Non temos claro cómo lle chamaría a esto o señor Freire: ¿exclusión, marxinação, segregación, distinción?

Esta situación de favoritismo é moi anterior ás previsións da posta en marcha do controvertido transporte metropolitano.

E se falamos de cheo do transporte metropolitano o PP é especialista en utilizar este tema como instrumento electoralista. Así o leva facendo dende que Feijóo chegou á Xunta en 2009 e continúa facendo ata o día de hoxe. A política de Feijóo neste tema é un pasiño para diante, 5 pasos para atrás.

Dende 2009 os políticos do PP non foron capaces de pór en marcha o transporte metropolitano en Ourense, culpando sempre ó goberno da cidade de Ourense, antes BNG e PSdeG e agora os Socialistas en solitario. Esa é a estratexia da avestruz, a postura cómoda. Pero o que está claro é que este gran proxecto estase dilatando no tempo.

En plena campaña electoral de maio de 2011 Feijóo comprométese cos candidatos da comarca de Ourense a implantar o transporte metropolitano. En marzo de 2012 Agustín Hernández, conselleiro de Medio Ambiente, anuncia que a Xunta porá en marcha o transporte metropolitano con ou sen Ourense.

En xuño de 2013 aínda estabamos en cueiros e Hernández ten a ousadía de recoñecer que non se está avanzando no asunto, pois a día de hoxe, un ano despois de asinado o convenio con tódolos concellos excepto Ourense, aínda se está tramitando o expediente administrativo da implantación do Plan de Transportes. E escúdanse no feito de que están á espera de que o Concello de Ourense remita información para avanzar no deseño de itinerarios e paradas.



Resulta evidente que o interese dos líderes do PP, estean gobernando na Xunta, no Concello de Barbadás ou na oposición en Ourense medra ou merma en función de se estamos ou non en campaña electoral.

Para o Partido Socialista en Barbadás nestes intreos o máis importante é a posta en marcha da primeira fase da implantación do transporte metropolitano porque é fundamental apurar os prazos e ter a infraestrutura lista para que esta aposta polo transporte que beneficiará a unha poboación de 137.000 persoas sexa unha realidade. É fundamental que a veciñanza de Barbadás pague o prezo único de 78 céntimos por desprazarse á capital ou 61 céntimos se realiza máis de 40 viaxes e que se beneficien de novas infraestruturas, servizos e frecuencias.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta a pór en marcha de xeito inmediato a primeira fase do Plan de Implantación do Transporte Metropolitano na área de Ourense.

Que en tanto non se poña en funcionamento o transporte metropolitano, o Concello de Barbadás entable un proceso negociador coas empresas que prestan o servizo regular de viaxeiros. O obxectivo destas negociacións debe ser buscar unha solución provisional para que o Concello subvencione o transporte en tódolos núcleos do municipio en non só na Valenzá.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto dez, Moción do Partido Socialista para que a Xunta poña en marcha o transporte metropolitano, ten a palabra a súa voceira

**A sra. Morenza toma a palabra:** Señor Freire, agora en setembro terá moito traballo, porque asignaturas pendentes ten de abondo, eso xa llo podo asegurar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu son un alumno aventaxado, casi sempre aprobo

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois no, eu penso que no, ten moitas asignaturas pendentes, e en setembro, se fora, se fora estudante da ESO, madre mía. Se fora estudante da ESO, vostede tería casi todo para setembro. Unha das asignaturas que suspende, sempre, sempre, e con nota máis baixa é a do transporte, esa suspéndeas sempre; ou non lle interesa buscar unha solución, ou non lle interesa a mobilidade dos veciños, ó millor é isto, e que a vostede non lle interesa, non comprende que hai persoas que se moven en autobús público. A controvertida polémica da supresión do autobús número sete dos urbanos de Ourense, solventouna dun xeito chapuceiro, xa non nos podemos remitir, remontar a eses orixes. Agora sete anos despois, o sete, sete anos despois, despois, seguimos en situación provisional, sempre en situación provisional señor alcalde, esperando por algo, neste caso



estamos esperando a ver si se pon en marcha o transporte metropolitano. Pero dende hai sete anos estamos subvencionando señor Alcalde a mobilidade de veciños e discriminando ó rural. Demostrou entón que as crises non son a súa especialidade, cando vostede, cando vostede, tivo que solventar esta crise, e decidiu darlle diñeiro a calar a unha empresa é subvencionar, é subvencionala, vostede o que demostra

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Á empresa ou aos veciños

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostede subvenciona, os veciños beneficianse evidentemente, pero ¿a quen subvenciona vostede?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Aos veciños

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non vamos a discutir por eso, está, o transporte na Valenzá está subvencionado, vostede xa zanzou o tema así, agora resulta que non hai cartos, pero naquil momentos solucionouno así e non lle importou que foran os da Valenzá y os dos pueblos non, bueno en fin, vostede non sabe solventar crises tampouco. Outra razón de peso para este continuado e estrepitoso suspenso, suspenso, suspenso, foi a compra do bus eléctrico, aquel autobús que mercamos na China, que non tiña permiso da Xunta para circular, e que non subía as costas, nun Concello con costas por todas partes, significou señor Alcalde, sábeo ben, un escarnio público para vostede, e por riba paséase polo case único sitio chairo que hai no Concello, que é a Avda. De Celanova na Valenzá, como si fose un caudillo, un caudillo señor Alcalde, sen vergonza algunha. E se do transporte falamos hoxe

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor siga

**A sra. Morenza toma a palabra:** E si do transporte falamos hoxe que estamos falando, temos que decir que moitas das marquesiñas que hai no Concello, son verdadeiramente inutilizables; non fan o mantemento das mesmas, algunhas estiveron rotas durante anos, outras tiradas en descampados ou en esquinas; e non empezaron a reccionar hasta o bochorno que tivo que aguantar vostede señor Alcalde, cuando varios veciños de Parada, saíron na televisión pública denunciando que a situación que se montou esperpéntica unha vez máis, por cuestión de que lle levaron unha marquesiña que tiña máis de vinte anos. Lembrámoslle que aínda non resolveu a polémica da instalación dunha marquesiña en Parada, aínda lle está sin resolver, para que os cativos que van ós centros escolares, podan ter unha parada oficial, xunto ó bar de Parada, vostede comprometeuse, o Partido Socialista teno solicitado en varias ocasións formalmente, e teño entendido que inda non está solventada a cuestión, non teñen marquesiña nin punto de parada oficial



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Perdone, perdone, perdone, antes de falar, infórmese, quedaron ós da Asociación de Veciños de Parada, de gestionar eles e pagar o Ayuntamiento, porque como ningunha lle valía, chegou un momento que tivemos que de algunha maneira para harmonizar o, é decir, usted fai unha, buscade un modelo, dádesmo o presupuesto y si vale o aceptamos y a poñedes

**A sra. Morenza toma a palabra:** Señor Alcalde, ahora estou falando do punto de Parada

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E eu estoulle contestando ó de Parada, da marquesiña,

**A sra. Morenza toma a palabra:** Tampouco estou falando, estou falando do punto de Parada do autobús, que ten que ser oficial, para que o autobús escolar para elí, ahora xa non falamos da marquesiña, pero vostede non da, non da solventado os asuntos, non se meta en pormenores, solvente os asuntos, con quen os teña que solventar, pois chame por teléfono ó presidente da asociación e coméntello, usted ten que solucionar, ten que xestionar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa falaron con iles, xa falaron comigo

**A sra. Morenza toma a palabra:** Tampouco se colocou un seguro a marquesiña que o PSdeG pediu no Hospital de Piñor, que se comprometeu a facelo en varias ocasións tamén, é que é aburrido xa, chegar a este Pleno e sempre decir o mesmo, e non esqueza que hai lugares perigosos, e que non soluciona os problemas, señor Alcalde. Lémbrolle tamén que hai lugares perigosos, despois dunha curva, donde non hai nin marquesiña y donde si hai parada oficial, o sea, contradición da vida

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mire unha pregunta, vostede estame falando do transporte metropolitano, ou me está reiterando siempre do mesmo rolo, que xa é cansino, que é máis cansina

**A sra. Morenza toma a palabra:** No, estou falando do transporte, señor Alcalde, estou facendo unha exposición de motivos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Usted me fala do transporte metropolitano y me empeña en facer eiquí, un relatorio

**A sra. Morenza toma a palabra:** Segundo o regulamento teño dereito a unha intervención continuada, señor Alcalde, segundo o regulamento, pois que me cronometre. Este suspenso como pode ver, está ben xustificado, misión imposible aprobar a cuestión do transporte

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Usted fáleme da exposición de motivos

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero centrándonos, centémonos señor Alcalde, parece que lle molesta as cousas que lle dice o PSdeG

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é que me molesten, e que me aburren, porque está sempre co mesmo rolo



**A sra. Morenza toma a palabra:** No, abúrrenlle, si porque non soluciona os temas, porque leva vinte e seis anos e non soluciona os temas señor Alcalde

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Usted trae unha moción, fale da moción

**A sra. Morenza toma a palabra:** Transporte público no Municipio de Barbadás, transporte metropolitano, un xubilado de Loiro, xubilado de Loiro, xubilado de Bentraces, paga un cuarenta e cinco euros por ir a Ourense, un pensionista de Parada ou de Piñor, paga un trinta e cinco, un da Valenzá, cincuenta céntimos, a distancia é menor, pero a pensión media é similar, e vostede sábeo ben, e falamos outra vez de pensionistas. O transporte na Valenzá está subvencionado e polo tanto leva anos señor Freire, discriminando a uns veciños sobre outros, vostede sábeo ben, sempre coa promesa do transporte metropolitano eí sobrevolando, pero o transporte metropolitano non chega señor Alcalde, e os pensionistas teñen problemas económicos, e os recortes ós nosos maiores son imparables, gracias ó seu partido señor Alcalde. A situación é similar para o resto da cidadanía, pois veciños da Valenzá mercan un bonobús, e o desconto supón que paguen setenta céntimos calquera veciño, por desprazarse, ou un estudante corenta céntimos, estas tarifas subvencionadas, coñecerá ben os prezos, contrastan co que teñen que abonar os veciños do rural, os veciños e veciñas do rural, seguen sendo de un cuarenta e cinco en de Loiro, y e un trinta e cinco en Parada, e isto señor Freire significa dividir á poboación entre veciños de primeira e de segunda categoría, vostede sabíao ben incluso cuando decidiu darlle unha subvención a Anpian. Subvencionar o transporte de viaxeiros na Valenzá, ano tras ano, supón discriminar, marxinar, diferenciar, excluír, segregar e distinguir ós veciños. A vostede non lle chega con suprimir o transporte gratuito ós centros de saúde, nin deixar ós veciños de Parada sen acceso ó bus de Cabeza de Vaca, por culpa da construción da autovía, tampouco lle solucionou ese problema, e que temos que traer sempre os mesmos temas porque non os soluciona señor Alcalde. Hai que ter en conta que son as personas que viven nos pobos, os que teñen maior dificultade para moverse, debido a que os horarios do transporte regular non se adaptan en moitos casos, ás necesidades dos veciños; non podemos esquecer que tamén son os maiores, os pensionistas, os jubilados, os que máis utilizan o transporte de autobús, para facer recados cotiás; son estes veciños do rural os que padecen, gracias ás súas decisiós dende hai anos, as consecuencias negativas dunha mala, pésima, nefasta planificación dos xestores. O Partido Socialista, xa ten alertado en numerables ocasións sobre a necesidade de actuar neste ámbito para pór fin a estas desigualdades, señor Alcalde, en cuestión de mobilidade que existen no Municipio de Barbadás. Desde 2009, vostede sábeo ben, os





políticos do Partido Popular, non foron capaces de pór en marcha o transporte metropolitano, culpando sempre o goberno de Ourense. Esa é a estratexia do avestruz señor Alcalde, a postura cómoda, pero como está claro e este o gran proxecto estase dilatando no tempo. En plena campaña electoral en maio do 2011, Feijóo comprometeuse ante os candidatos da Comarca de Ourense a implantar o transporte metropolitano, en marzo de 2012, Agustín Hernández, Conselleiro de Medio Ambiente, anuncia que a Xunta porá en marcha o transporte metropolitano, con ou sen Ourense, e eso teno dito ata a saciedad, o señor Conselleiro, en xuño de 2013 aínda estabamos en cueiros, e Hernández ten a osadía de recoñecer que non se está avanzando no asunto, a pesar das promesas electoralistas, pois a día de hoxe, un ano despois de asinado o convenio con todos os Concellos excepto Ourense, aínda se está tramitando o expediente administrativo, xa tiveron tempo de iniciar o expediente admsitrativo, porque si sabían que naquíl momento estaban negociando con Ourense e sabían co tema se podía dilatar, puderon inicialo antes, e escúdanse no feito de que están coma sempre á espera de que o Concello de Ourense, remita a información para avanzar no deseño e itinerario das paradas, como si non estivera ben claro, as necesidades que existen. Resulta evidente que o interese dos líderes do Partido Popular, estean gobernando na Xunta, no Concello de Barbadás, ou na oposición en Ourense, medra ou merma, en función de si estamos ou non en campaña electoral. Para o Partido Socialista en Barbadás nestes intres, o máis probable, o máis importante é a posta en marcha da primeira fase de implantación do transporte, porque é fundamental apurar os prazos e ter a infraestruturas lista para a posta do, para pór en marcha, precisamente, un transporte que beneficiará a cento trinta e sete mil personas. No caso de Barbadás sería moi importante, porque como xa dixen antes, o tema das marquesinas, está sin solventar a primeira fase, xa poderíamos ir adiantando moito traballo, si se puxera en marcha. O acordo é instar á Xunta a pór en marcha a primeira fase, e despois mentras tanto, porque esto pode durar anos, polo que vemos, que en tanto non se poña en funcionamento o transporte metropolitano, o Concello de Barbadás, entable un proceso negociador coas dúas empresas que prestan o seu servizo regular no Municipio de Barbadás, co obxectivo de buscar unha solución provisional para que o Concello subvencione o transporte en tódolos núcleos do Municipio e non só na Valenzá.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG. Agradézcolle brevedad.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** No, si, si, vou ser moi breve. Eu subscribo todo o que di Victoria, polo tanto non vou repetir nada do seu argumentario, estou de acordo con todo o que di da discriminación que existe coa poboación, que vive no rural do País, y en todo caso, por rematar solo



con este último que acaba de decir sobre as concesións, hai que lembrar que o problema en Barbadás nace por unha línea que ten unha empresa que ten concesión do transporte y eso é o que nos obriga a ter subvencionado o transporte para ter calado y en silencio a poboación que máis lle molesta ó señor Alcalde, que é a poboación da Valenzá, que é a poboación que montou aquelas manifestacións do sete y a que montou todas aquelas revoltas y polo tanto para ter contenta a esa poboación, que é a única que lle causa certos problemas políticos, pois gastamos cen mil euros ó ano subvencionando á xente da Valenzá, o resto do Concello non ten causado problemas, non hai manifestacións, a xente non sale á rúas, incluso lles votan, polo cal non hai ningún problema para o señor Alcalde, telos totalmente esquecidos, como pasa con todo, como pasa con todo no rural, y esa é a realidade que temos, y o problema da concesión é o seguinte, chega o Partido Popular á Xunta de Galicia y o primeiro que fai é renovar ás concesións de todo este País, coas empresas privadas por dez anos, sen establecer ningún tipo de mellora, incluso metendo na concesión o transporte escolar, y eso impide, eso impide, o desenvolvemento do transporte metropolitano, porque é imposible agora a mesmo chegar a algún tipo de acordo con concellos, concellos limítrofes, cabeceiras de comarcas, non digamos as cidades que queren liderar sus proxectos como pasa con Vigo, o como pasa con Ourense, e despois coas empresas concesionarias, que teñen un negocio que non queren deixar, porque estanse montando, Barbadás, cen mil euros y así os outros concellos, y encima cobran os prezos, o que ti acabas de comentar, eu opino coma ti en todo, Victoria.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Muy bien, nós volvendo ó de sempre, porque ustedes a exposición de motivos, son demoledores, dicen demagogia pura e dura, pero como neste caso a exposición de motivos nós é asumible, nós vámoslle votar a favor, acabouse a historia

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte moción:

**“Moción do PsdeG-PSOE par que a Xunta poña en marcha a primeira fase do transporte metropolitano. Que o Concello busque unha solución provisional para subvencionar o transporte a tódolos veciños do Concello e non só ós da Valenzá:**

**Instar á Xunta a pór en marcha de xeito inmediato a primera fase do Plan de Implantación do Transporte Metropolitano na área de Ourense.**

**Que en tanto non se poña en funcionamento o transporte metropolitano, o Concello de Barbadás entable un proceso negociador coas empresas que prestan o servizo regular de viaxeiros. O obxectivo destas negociacións debe ser buscar unha solución provisional para que o Concello subvencione o transporte en tódolos núcleos do municipio en non só na Valenzá.”**



### **11- MOCIÓN DO PSDeG-PSOE PARA QUE SE LEVE A CABO O COMPROMISO PLENARIO DO 2 DE XULLO DO 2012 PARA QUE SE REMATEN AS BEIRARRÚAS DO PASEO QUE VAI DENDE O PARQUE DOS PATOS ATA O CAMPO DE FÚTBOL DOS CARRÍS (Rúa Calzada Romana)**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto once que é unha moción do PSOE tamén sobre a instalación de beirarrúas no paseo do, desde o Parque dos Patos á Calzada Romana, ten a palabra a súa voceira

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O paseo que vai dende o Parque dos Patos ata ó campo de fútbol dos Carrís é unha das zonas máis transitadas por deportistas e afeccionados da Valenzá, do resto do concello e da cidade de Ourense. Pois son moitos os veciños e veciñas que corren, pasean ou andan en bicicleta a diario ó longo de todo o paseo do río.

Hai algo máis dun ano o Grupo Municipal Socialista trouxo a pleno unha moción na que se lle propoñía á Corporación Municipal a adopción do mesmo acordo que traemos hoxe. A moción foi aprobada por unanimidade, pero a día de hoxe, non se fixo nada do acordado no pleno.

Dende o Partido socialista seguimos considerando fundamental que dito tramo do paseo se manteña en bo estado de conservación e sobre todo, en boas condicións de seguridade. É habitual o tránsito de persoas e coches tódalas fins de semana pola zona para acudir ós partidos de fútbol que se disputan nos Carrís.

É vergoñento ver que un concello da categoría do de Barbadás presente semellante imaxe de deixamento do goberno do PP, tanto nós accesos ó seu campo de fútbol de referencia como ó polideportivo municipal, este é o momento de levar a cabo as obras de remate de beirarrúas neste treito.

Son tamén moitos os cativos e cativas que acoden a este paseo na tempada de verán. Este traxecto échese de veciños e veciñas, en moitos casos con nenos e nenas, que van diariamente ás piscinas municipais. Por esta afluencia de xente, en moito casos nenos e nenas, os socialistas de Barbadás entendemos que é fundamental e prioritario a instalación de barandas en toda a zona do paseo, que recordamos tamén existe o compromiso plenario de levar a cabo esta obra, para evitar así caídas ou posibles accidentes.



En breve, cando se inaugure o tan esperado e demandado Polideportivo, este vial será un dos accesos máis concurrido do noso concello convertíndose nunha dos lugares máis visibles de Barbadás.

Barbadás merece outra imaxe cara o exterior o non a imaxe de miseria e abandono que transmiten os viais do entorno do Campo dos Carrís e do futuro Polideportivo.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Que se rematen as beirarrúas da Rúa Calzada Romana

Que se instalen barandas por toda a zona do paseo no que están as beirarrúas sen rematar.

Que se proceda ó arranxo de todas as luminarias que presentan deficiencias ou estean deterioradas.

Que se habilite un paso de peóns nas inmediacións do campo de fútbol.

**A sra. Presas (PSdeG-PSOE) toma a palabra:** Os Socialistas de Barbadás presentamos o 2 de xullo de 2012, fai máis dun ano, unha moción practicamente igual a que hoxe traemos aquí a Pleno; esa moción, a moción de rematar as beirarrúas, da rúa Calzada Romana, foi aprobada por unanimidade, pois ben, pasou un ano e a rúa sigue tal e como estaba, ou peor si cabe. Practicamente todas as luminarias, están rotas, faltan papeleiras, as beirarrúas están cheas de herbas e de arbustos e a zona recreativa aínda que si se fixo algo, pouco, sigue dando imaxe de deixadez e abandono, todo isto sin olvidar a cantidade de tránsito rodado e a pe que ten esta calzada, pois son moitos os veciños e veciñas do Concello da Valenzá, ou mesmo de Ourense, que na tempada de verán transitan por esta rúa. Os fines de semana este tránsito multiplícanse, pois celébranse os partidos de fútbol nos Carrís, xa imaxinamos a imaxe de deixadez e abandono que se leva a xente que ven, que ven a ver o partido de fútbol, en que estado están os accesos máis a zona recreativa, onte mesmo veu xente de Tomiño, a ver un partido de fútbol, que xogaban as rapazas, e pararon a comer nesa mesma área de re, recreativa que falamos, e comentaron o mal estado no que se atopaba, suciedade, excrementos de can, papeleiras con basura, le debe facer gracia que esté unha zona toda sucia. En breve, cando se inaugure o tan esperado e demandado polideportivo, esté vial será un dos accesos máis concurridos do Concello, convertíndose nun dos lugares máis visibles de Barbadás, xente de toda a Comunidade Autónoma ven a Barbadás, nestes momentos. Barbadás, pensamos os Socialistas de Barbadás, que merece outra imaxe cara o exterior, e non a imaxe de miseria e abandono que transmiten os viais do entorno do Campo dos Carrís e do futuro polideportivo. Ben, nós o acordo que propomos e que se rematen, como xa se había acordado fai máis dun ano, as beirarrúas da Rúa Calzada Romana, que se instalen



barandas, por seguridade máis que nada, non por antoxo noso, por toda a zona do paseo no que están as beirarrúas sen rematar, que se proceda ó arranxo de todas as luminarias que presentan deficiencias ou estean deterioradas e que se habilite canto antes, que xa o pedimos varias veces, un paso de peóns nas inmediacións do campo de fútbol dos Carrís.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Quería facer un pequeno inciso, a señora Secretaria, acaba de dicir que Victoria interviu, que a moción de María, que non se, que non fora de once minutos, quen regula e cronometra en todo caso, quen dirixe o Plenario é el

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, en todo caso,

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Si el permitiu, si a señora Secretaria dixo que non sexa unha intervención de doce minutos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mira, foi un comentario, y ela si que cumple que non estuvo os doce minutos, o sea, que non hai ningún problema

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero quen regula e dirixe o Pleno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por supuesto

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Le mandó callar, quien regula le mandó callar

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Pues entonces si no le manda callar,

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero a señora Secretaria se debe abster

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Pero la señora Secretaria recuerda que la primera intervención son cinco minutos y la segunda tres, que estoy recordándoselo al director de la sesión

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero recórdello no seu momento, pero recórdeo no se momento

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ya está, dicho. Vamos a ver, mire é certo que aprobamos unha moción. Perdón, si, si. Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Bueno imos ver, o BNG, este Grupo Municipal ten presentado iniciativas de palabra en este Pleno Municipal, ó longo desta lexislatura, non sei si tamén na anterior, pero bueno nesta línea, tamén da reforma e da mellora da Rúa Calzada Romana, de palabra y por escrito tamén, y lembro pois agora en novembro, non sei si teño por aquí, en novembro do ano pasado, cuando se quedara absolutamente sin luz a beirarrúa, pois presentamos un escrito neste Concello, para que efectivamente se efectivizase esta, esto ¿no?, y que non podía ser que no, en pleno inverno pois unha rúa evidentemente transitada como díce María, moi transitada polos rapaces que



van a Escola de fútbol, polos que no futuro vaian ó polideportivo, cuando teñan a ben abril, ó millor non, nunca, non sei, ó millor non se abre nunca, levaron dez anos para facelo, igual agora levan dez anos para abril outra vez, bueno, perdón, un inciso do polideportivo, que se me foi aí. Entón, presentamos propostas neste sentido ¿non?; colocación de valado, remate de beirarrúas que están sin rematar, sinalización vial inexistente, etcétera, etcétera, farolas escachadas, efectivamente é constatable o que comenta María, donde que a zona verde do ameiral pois está abandonada da mau de todo o mundo ¿non?, porque alí pode pasar alguén do lixo, pues cuando non hai máis non, pero decir, xa as, está todo absolutamente a monte, porque non se mira para nada ¿non?. Entón eu quixera referirme tamén a que se plantexa inda que non o vou a facer como unha engádegas á moción, pero que se plantexa que si efectivamente si algún día se fai algunha reforma, que tamén se visualice a posibilidade de ampliar un pouco o vial; hai zonas donde é imposible transitar dobre sentido

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Estanche esperando a urbanizar todo y facer os novos

**O sr. Núñez toma a palabra:** Bueno, xa, pero bueno, é decir, evidentemente, eu xa non propoño unha obra de calado, sinón que se negocie con propietarios, si ó pé do polideportivo, por exemplo, poño por caso, é imposible transitar, pois que se visualice eso, y que se de o ancho de rúa posible para que circulen dos coches, pouco vale rematar as beirarrúas, pór as barandas, si se van poñer algún día, y que non se transite, é decir, e que non ten moito sentido

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, tomamos nota do tema. Vamos a ver, xa o habíamos aprobado efectivamente, na medida do posible tan pronto se poida se vai a facer, non coincidimos en nada que teña imagen de abandono, porque eu paso por alí todos os días que vou camiñar, y realmente hai veces que está unha papeleira alí, bueno, sobre, teño falado varias veces co da basura para chamarlle a atención, de vez en cuando, pero tampouco é unha imagen tan catastrófica como vostedes pintan ¿vale?, en todo caso nós vámoslle, vámoslle a votar a favor da moción, y tan pronto se poida se vai a acometer, evidentemente; probablemente hai cousas que tardarán máis ca outras, como o da baranda que costa máis, o da baranda non é un tema que sea estrictamente peligroso neste momento, o da luz, o do paso de peatós, e o de poñer o adoquín pois seguramente se fará dun xeito tan pronto se poida, non inmediato, pero que temos neste momento outros compromisos, como son a rúa do Viso, como quedamos e a, a rúa Tomás Rodríguez Punxín, e todas esas, que están no plan y a continuación pois lle acometermos esa ¿vale?

**A sra. Presas toma a palabra:** Eu, un último apunte

**A sra. González toma a palabra:** Digo, que nese plan non ían incluír tamén o da Viña, o do Barro,



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Un riego

**A sra. González toma a palabra:** Si, un riego, pero é que un riego

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero é que non hai máis diñeiro neste momento

**A sra. González toma a palabra:** E que tiñan que levantar e volver botar, porque aquilo está intransitable

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E o que podemos botar neste momento, o ideal é botar en quente, eu xa o sei, aínda o falamos o outro día

**O sra. González toma a palabra:** E que aquilo está intransitable, aparte que vai a andar xente maior y eso, por alí

**O sr. García toma a palabra:** Tratarase de que, o sea, incluso, xa despois coa empresa si a nosa brigada pode limpiarse máis, pois non terán inconveniente, o sea, no proxecto xa o contempla toda esa zona que hai de herba, que tamén meterlle pedra

**A sra. González toma a palabra:** E que aquilo está, aparte que pasan os coches por ali, alí non hai sinalización e pasan os coches por alí a unha velocidade, porque a utilizan como vía alternativa á Valenzá, entón alí era convinte poñer sinalización en algún momento

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eso pódese pór, incluso bandas si fai falta

**A sra. González toma a palabra:** Bandas, pero sinalización si

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O dito vámoslle a votar a favor, co cual, pois non

**A sra. Presas toma a palabra:** Un último apunte. Eu o problema máis que nada penso que é o que igual non nos pomos de acordo no que significa para uns abandono e deixadez; vostede igual pasea por arriba e non baixa a baixo ó que é o merendeiro, eu abandono chámolle a

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E véxoo cando paso por alí, porque non é tan lexos o merendeiro do paseo

**A sra. Presas toma a palabra:** Non, digo eu, ó millor desde aí arriba non se ven os excrementos dos cas, para min abandono é sentarme a comer nunha mesa, nun merendeiro e o lado ter excrementos de cas, ou papeles, para min eso é miseria, abandono, suciedad; é miseria y abandono que vaia a sentar á nena nun columpio e as herbas lle cheguen hasta os pés, eso é miseria e abandono

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non penso que estivera con herba

**A sra. Presas toma a palabra:** Non, igual hoxe está limpo porque fai pouquiño anduvo aí alguén arreglando un pouquiño, unha rampa, pero nada son dous meses, en dous meses volve a estar todo sucio, as papeleiras cheas, e as herbas nos columpios, eso é miseria e abandono



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tomamos nota e vámoslle votar a favor, entendo que o BNG tamén,

**O sr. Núñez toma a palabra:** Si, nós tamén imos votar a favor, simplemente bueno, porque parece aí na Comisión faláron do Plan Provincial deses cuarenta mil euros, eu a verdade, é que me parece un pouco tamén valga a colación con relación ca moción un pouco ridículo que podía ir por fóra, si aí pretenden pois facer a reforma que plantexou eiquí o BNG, con recollida de sinaturas, dun paso elevado de peóns, de acondicionamento da rúa, da rúa Tomás Rodríguez Punxín, do que se vai facer na Viña, ou da Travesía do Viso, é dicir, me parece absolutamente absurdo, é dicir, aquí o que nós o que sempre reclamamos foi un plan de obras municipal, con aportacións orzamentarias plurianuais y que se foran acometendo estas melloras y non meter todo no mesmo saco, co final va ser auga

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Todo no mesmo saco

**O sr. Núñez toma a palabra:** Auga que non vai a ningures

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O da Calzada Romana probablemente, no, non, eso é aparte

**O sr. Núñez toma a palabra:** Con eses cuarenta mil euros, cos cuarenta mil euros do Plan Provincial van facer tres salas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esto non, esto farémolo co Plan de obras noso

**O sr. Núñez toma a palabra:** Non, non, xa, ben

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Bien, pois o dito, eu entendo que queda aprobado por unanimidade, e punto

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Moción do PSdeG-PSOE para que se leve a cabo o compromiso plenario do 2 de xullo do 2012 para que se rematen as beirarrúas do paseo que vai dende o Parque dos Patos ata o campo de fútbol dos Carrís (Rúa Calzada Romana):Que se rematen as beirarrúas da Rúa Calzada Romana**

**Que se instalen barandas por toda a zona do paseo no que están as beirarrúas sen rematar.**

**Que se proceda ó arranxo de todas as luminarias que presentan deficiencias ou estean deterioradas.**

**Que se habilite un paso de peóns nas inmediacións do campo de fútbol.”**





### PARTE DE CONTROL

#### 12.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos o punto doce, que é a dación de contas das Resolucions de Alcaldía, que teñen copia todos

Dáse conta das resolucions da Alcaldía ditadas dende a última sesión.

#### 13- ROGOS E PREGUNTAS

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E o punto trece que é Rogos e preguntas, por escrito. Millor por escrito ¿non?, porque xa é un pouco tarde. Rogos

**A sra. González toma a palabra:** Eu, un dos rogos que tiña era ese da Viña, ah perdón. Un dos rogos que tiña era ese da Viña, de que si van a facer, que non fagan unicamente o rego asfáltico, sino que levanten, que fagan algo conforme é debido, porque sinon hoxe

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Está o proxecto feito xa

**A sra. González toma a palabra:** Eso é unha perda, eso é unha perda de diñeiro, porque ós dous días vai a estar igual, entre a Roferta pasa exactamente o mesmo, solo que está en area aínda, entonces había tamén que, é decir, hai mogollón de baches, tamén é un paso alternativo, coches non hai tantos evidentemente, pero si hai xente que vive nesa zona e ten que salir por aí camiñando incluso e tal, y tamén está nunha situación tal. Con respecto ós contenedores, esto é o de todos os veráns, os pobos no verán, teñen máis xente y os contenedores están a tope e cheiran fatal

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois lavar, lávanos, o que pasa é que claro

**A sra. González toma a palabra:** Bueno, e rebordan, reborda a basura, quédanse os contenedores, a mediados de xullo, os de papel, vidro e todo eso, están repletos moitas veces, os outros moitísimas veces durante o verán repletos, home, despois pasa un día o camiión, e si recollen, pero, pero estamos ó millor dous ou tres días vendo a basura fóra do contenedor

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai, que falar con eles, si acaso no vrao que incrementen a frecuencia de recollida ou algo. Máis

**A sra. González toma a palabra:** Despois esto non o vin eu, pero faláronme dun poste que hai a entrada das Lamas, eu non soupen ver ben cual é, pero vaian ustedes por alí, que está nunha situación



perigosa, porque parece ser que non está ben colocado, que pode caer ou non sei que, eu eso mirei, a verdad é que non o vin, pero si me falou un veciño das Lamas del.

**O sr. García toma a palabra:** Ó pasar a capilla

**A sra. González toma a palabra:** No, hacia abaixo, na rampa. Faloume, bueno, unha visual por si, eu non o vin, porque foi pasando co coche a verdad é que non, non o vi.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Algo máis. Ten a palabra o voceiro do PSOE

**A sra. Morenza toma a palabra:** Na Valenzá, que se habilite a posibilidade de que as canchas polideportivas do colexios, fundamentalmente a do Filomena Dato, podan ser utilizadas en fin de semana, durante a temporada estival, que xa o temos pedido en varias ocasións. Na Valenzá, que nas inmediacións do Parque do Tren, se mellore a estética que circunda a ponte tradicional sobre o río, así como se proceda ó arranxo dos barrotos de aceiro rotos, ou que se repoñan os que estén, o sea, que se, que se, os que están torcidos se arranxen e que se repoñan os rotos. En Bentraces que se repoñan as barbacoas rotas no Parque do Barreiro, e que se coloque un taboleiro de anuncios novo, no lugar donde xa hai un que é perigoso, porque ten cristales cortantes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero iso que está

**A sra. Morenza toma a palabra:** Aló, ó pé da antiga escola, perdón ó pé da antiga escola, en Bentraces, un taboleiro de anuncios. En Santa Uxía, en Santa Uxía, que se proceda ó desbroce periódico, periódico do contorno da depuradora, que nese mesmo lugar se busque unha solución definitiva, mailos cheiros que se xeran durante o verán; que se rehabilite o antigo canastro que está nas inmediacións tamén, procedendo á restauración da zona

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O canastro é privado, non podemos

**A sra. Morenza toma a palabra:** Teñen alí, unha depuradora e un canastro, e todo eso teño entendido que é público, donde está a depuradora

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O canastro é privado

**A sra. Morenza toma a palabra:** Esa zona pasou a ser pública, eso pasou a ser pública, é unha vergoña, ver, a ver si a próxima vez si tal traigo fotos, porque o terei que traer máis veces, seguro. Que se arranxe o tramo da estrada local ubicado pouco despois da, en dirección a Reza, que están en pésimo estado, no invernoponse peor, no vrao non se arranxa, non se arranxa nunca e está nun estado calamitoso para que pasen os coches. E por último en Santa Uxía que se instalen colectores de recollida de lixo selectivo. En Piñor que se instale un bambán con cestillo, con cestiño, no campo infantil do Campo de Roma, solicitado en reiteradas ocasións, e tendo en conta a cantidade de



poboación infantil que hai menor de tres anos, neste pobo; e no camiño das Dilueiras no Piñeiro, que se coloque un sumidoiro de augas pluviais, para evitar inundacións ós veciños da zona nos seus garaxes, e ademais que se proceda ó arranxo do camiño, debido á perigosidade que existe do derrube dun muro, camiño das Dilueiras no barrio do Piñeiro. Despois tiña un rogo dirixido ó señor Freire, y é que o Alcalde explique ante a opinión pública, por que recibe na súa consulta a personas que solicitan unha entrevista forma con el, en calidade de rexedor, en horario de traballo, temos coñecemento de que na súa consulta médica en Barbadás, atende a representantes de asociacións, a empresarios, ou mesmo recepciona curriculum, ou mesmo recepciona curriculum, señor Alcalde

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois non me consta a min eso

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mesmo recepciona curriculum, e recibe curriculum, recibe curriculum, e recibe empresarios, como unha entrevista que podía ser eiquí no Concello

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si ven o médico tamén e me quere deixar un curriculum, eu non lle vou decir que

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non teñen o médico eiquí, señor Alcalde, vostede convoca a representantes de asociacións de veciños, no seu, na súa consulta, son datos obxetivos. Outro rogo e que se inste á Deputación a que repoña a valla, que hai no punto negro despois do cruce de Parada, no que o outro día volveu caer outro coche, xa o temos reiterado en moitas ocasións, vostedes rinse na Deputación, vostedes rinse no Concello de Barbadás, pero os coches caen, e aínda non morreu ninguén, pero morrerá alguén eí ¡eh!, e a min dáme moita mágoa, porque eu desde logo que me lavo as maus, porque non me sinto culpable, e caiu o outro día un coche o día cinco de setembro, púxose unha cinta, e por aí poden seguir caendo coches, porque eu xa caín unha vez co coche cunha cinta, entón van seguir caendo coches, por favor inste á Deputación, eu o próximo Pleno que teña na Deputación vouna instar, por favor urxentemente, está na Comisión de Goberno, despois do cruce de Parada, subido dirección Toén, a dereita hai un, unha, bueno está a baranda rota, porque o outro día caeu un coche eí, porque a Deputación comprometeuse señor Alcalde, e lémbrollo a vostede, que tamén está alí, e está canso de oirme decir, que tense que actuar nesa zona dun xeito definitivo, que a Deputación que o propio xefe de obras dixo, díxolle a esta Diputada que se iba facer unha raspadura do firme, porque estaba, tiña moitas capas, moitas capas e facían barrillo, e que iba facer unha raspadura, e non se fixo, volveu caer outro coche, non morreu nadie por agora. E despois o último rogo é que se poña unha papelera no baño da segunda planta da Casa Consistorial, porque, no baño das mulleres, porque claro non temos onde botar as cousas, xa me entende vostede, nin un papel, nin



eu antes comín un kitkat, e non tuven donde botar a casca

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Valcárcel ten a palabra

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu vou facer unha pregunta, ¿que hai de certo en que o xogador de fútbol Moisés Pereiro, xogador do Valenzá, digo perdón do Barbadás, vai ser contratado por este Concello, para o Polideportivo?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non teño nin idea, non sei nin quen é, nin como se chama

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Deixamos enriba da mesa esa afirmación, ademais Diego López e Paco Campelo, Pablo Campelo.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** ¿Moisés Pereiro se presentó?

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Moisés Pereiro, non sei para que, parece ser, parece ser

**O sr. García toma a palabra:** E que a mín dame a idea de que nin presentou a solicitude para a plaza

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu pregunto, por eso pregunto

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu que son o Alcalde, non teño nin idea, non sei nin quen é. Moisés Pereiro non teño nin idea de quen é.

**A sra. Presas toma a palabra:** Non caerá en quen é, pero que saben que é

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu personalmente non sei que é neste momento polo menos

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Volvo decir,

**O sr. García toma a palabra:** Conozco de velo xugar

**A sra. Secretaria toma a palabra:** ¿Tiene alguna titulación?

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿Como?, non o sei, eu non sei, eu pregunto

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Entonces puede ir para portero

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu non estou afirmando nada, eu estou preguntando que hai de certo en que o xogador de fútbol do Barbadás, que foi contratado este ano sobriño do ex Concelleiro do Partido Popular, José Ramón, ex Concelleiro de Urbanismo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** ¿sobriño?

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Sobriño do ex Concelleiro do Partido Popular de urbanismo, que xoga no Barbadás, fichaxe estrela deste ano, parece ser que a cambio de xogar no Barbadás, reclamaba un posto de traballo no polideportivo, eu deixo enriba da mesa e pregunto, nada máis pregunto. Gustaríame que o señor Alcalde contestara

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa lle contesto, eu personalmente non conozco a ese señor para nada, nadie me falou del, a min, non sei ós outros



**O sr. García toma a palabra:** Eu conozco, e estiven mirando quen, e dáme a sensación que non, podémolo mirar, pero dame, creo que non fixo a instancia, así que mira que..., mira que credibilidade

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu estoume limitando a preguntar e pregunto si o mesmo ocorre con

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Pues si va a ser el seleccionado que se presente por lo menos, el diecisiete al examen

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pablo Campelo e Diego López, que tamén corre a noticia por Barbadás adiante de que esos señores van a traballar no Polideportivo

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Diego López, quienes son esos

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** E Pablo Campelo,

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Ah, ¿Diego es el que trabaja aquí?

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** O Alcalde, sabe, sabe

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pablo Campelo sei, pero non sei si se presentou ó exame, de feito a min nadie me dixo nada

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu pregunto, eu estou preguntando, non estou afirmando

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pablo Campelo está contratado neste momento

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Estamos falando do polideportivo, terase que someter a unhas probas previas e a un proceso concursal

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Yo puedo decir que Diego es una máquina nada más, o sea, a nivel curricular y de todo

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Nós estamos preguntando, non estamos afirmando nada, que quede claro,

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Diego se presentó, es un licenciado en INEF

**A sra. Morenza toma a palabra:** Eu vou a facer dúas preguntas, e unha delas é si se solventou a avería do que xa se coñece como o “hasta cando” en Piñor, non sei si coñe..., unha avería que tiña un cartel que estivo durante meses e anduvo circulando polas redes que foi vergoña, que daba vergoña allea, ó final retirouse o cartel, deduzo que xa se arranxou esa avería, que era nun sumidoiro preto do cruce da igrexa, xa sei que é da Consellería, pero arranxouse

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dice a Concelleira que si,

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vale, din por feito que si. E despois é tamén, eu xa presentei unha pregunta sobre que é a beirarrúa nova que hai no, que bordea o LIDL, que non cumpre a normativa de rebaixe das aceras, das beirarrúas, e queremos saber, vostedes dicen que si, que se vai esixir a



normativa, pero verdadeiramente ¿ten rebaixe?, nin arriba nin abaixo, váiselle a esixir, que teña rebaixe,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver ten un proxecto

**A sra. Morenza toma a palabra:** Claro é que non me contestan

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Escoite, ten un proxecto presentado abaixo, eu non sei agora exactamente como está o proxecto

**O sr. García toma a palabra:** Non está entregada a obra

**A sra. Morenza toma a palabra:** Ah, ¿non está entregada esa obra aínda?

**O sr. García toma a palabra:** Non, ten o proxecto aprobado

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois están vixiantes, porque a acera, a beirarrúa xa está en funcionamento e non ten rebaixe para minusválidos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non terá o fin de obra

**A sra. Morenza toma a palabra:** Xa está terminada e en funcionamento hai moitos meses

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas gracias.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 15:50 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO